

cultura

Chega ao MIHL a exposición 'A Revolta dos Clicks', unha maneira de ver á historia de Galicia. **Pax. 4**

entrevista

Falamos con Lucía Anido, vogal de Adegas Lugo sobre os incendios. **Pax. 8**

sociedade

A veciñanza esixe a creación dunha unidade de Ictus no Hula. **Pax. 10**

zona rural

Retómase a atención nos centros socioculturais das parroquias. **Pax. 13**

infraestruturas

Comeza a proceso de derrube da torre do Garañón por parte do Concello. **Pax. 16**

A cidade aposta por dar prioridade ao peón



Aprazada a construción da praia fluvial

Desacordo entre Xunta e Concello polo segundo lugar escollido para a súa ubicación. **Pax. 16**

Fin de obras esperadas polo tráfico

Xa está operativo o desdoblamento de Infanta Elena e a pasarela peonil de San Roque. **Pax. 19**

Tradición e artesanía



Convocan a segunda edición da Mostra de Vellos Oficios Artesáns. **Pax. 5**

A maxia chega á provincia



O Festival Mundial do Ilusionismo tamén estará na cidade este verán. **Pax. 22**

Entrevista ao Estudantes



Suso Lázare é o presidente do Club de baloncesto celeste. **Pax.28**

A Deputación fai balance do seu mandato

Dende o 2019 teñen un proxecto claro e definido por catro liñas de actuación prioritarias. **Pax. 20**



¡Consúltenos!

VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

**SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO,
CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE
TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO
JURÍDICO CONTINUADO**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados veiguela abogados

A FONDO

Lugo camiño da peonalización

Nos últimos anos, a cidade experimentou un impulso de cara á eliminación da circulación rodada para ceder o espazo aos peóns

Antes do 2024 o Concello de Lugo busca acometer a peonalización integral do casco histórico da cidade co obxectivo de converter o recinto amurallado nunha Zona de Baixas Emisións (ZBE). Estas áreas pretenden mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadero, mellorando a saúde da cidadanía e permitindo unha maior conservación do patrimonio. Para os concellos de máis de 50.000 habitantes estas áreas serán obrigatorias a partir do ano 2023 segundo recolle a Lei do Cambio Climático.

As intervencións previstas serán tres. Actuarase nas prazas de Ferrol e San Fernando; entre Porta de Bispo Odoario (Hospital) e Praza do Ferrol, nas rúas Montevideo, Bolaño Rivadeneira, Ramón e Cajal, Quiroga Ballesteros (entre Bolaño Rivadeneira e San Froilán) e Amor Meilán (entre Quiroga Ballesteros e San Fernando), e na Praza de Santo Domingo e rúa Teatro. O obxectivo é reducir un 40% as emisións destas zonas derivadas do tráfico rodado, que ascenden a unha media de 409,71 toneladas de CO₂ ao ano provocados polos máis de 37.000 vehículos que transitan por elas cada semana.

Esta peonalización ten como principais obxectivos a mellora da calidade de vida da veciñanza, poñer en valor os elementos arquitectónicos, escultóricos e históricos máis emblemáticos e impulsar os espazos públicos para dinamizar social e economicamente o centro histórico da cidade. Así as obras proxectadas polo gabinete de arquitectos terán en conta a singularidade dos espa-



zos, os edificios e os antecedentes históricos para realizar unha transformación respetuosa coa historia e o patrimonio.

CAMBIO NA MOBILIDADE

Baixo estes parámetros, as intervencións suporán un cambio de mobilidade, establecido en dous sectores da cidade:

Praza do Ferrol e rúas Montevideo, Quiroga Ballesteros, Bolaño Rivadeneira, Amor Meilán e San Fernando
Nesta zona, que é o espazo de conexión principal da zona amurallada co norte da cidade e o acceso aos aparcamentos públicos, a circulación rodada accede pola porta do Bispo Odoario e sae pola de San Fernando. Nas prazas de Ferrol e San Fernando, o espazo público está supeditado ao tráfico rodado e ocupa máis da metade da superficie.

Por iso, para favorecer a circulación rodada nun sentido único (en dobre

sentido é desaconsellable en zonas peonís polo risco para viandantes), entrarase pola Porta Bispo Odoario para proseguir polas rúas Montevideo e Bolaño Rivadeneira, Porta Falsa e saírase pola porta de San Fernando. Elimínase así o tramo de circulación da rúa San Fernando diante do cuartel, para darlle máis valor a este edificio e á Igrexa de San Froilán. Só se propón un tramo de dobre sentido, entre a Porta do Bispo Odoario, e a rúa Ramón y Cajal para o acceso ao aparcadoiro de Vía Romana, de xeito que se eliminan os 600 vehículos de tránsito que produce este aparcadoiro. O resto do tráfico, residentes e mercadorías, distribúese por rúas Quiroga, Amor Meilán e San Froilán.

Praza de Santo Domingo e rúa do Teatro

As principais circulacións peonís actuais prodúcense polo perímetro de Santo Domingo e polo medio, conectando a rúa da Raíña coa de San Marcos e tamén pola rúa Tea-

tro, mentres que o tráfico rodado procede da Rolda da Muralla cara os aparcadoiros de Ánxel Fole (con 900/1000 rotacións por día), que soe provocar colapsos entre os que acceden alí a estacionar e a cola ocasionada polo semáforo da Rolda, e de Santo Domingo (250/300 rotación día). O resto de tráfico significativo é residentes e mercadoría procedente de Quiroga Ballesteros e Armañá. En canto ao esquema de circulación en Santo Domingo, a circulación responde a un momento en que Quiroga Ballesteros, San Marcos e Raíña eran transitables, pero agora está obsoleto. Por iso a proposta é reducir a circulación a mínimos en Santo Domingo cun único sentido de circulación, tanto en Quiroga Ballesteros como na Praza. A circulación faise en diagonal para facilitar os espazos máis próximos ao perímetro.

TRANSFORMACIÓNS

En canto ás transformación urba-

nísticas proxectadas serán en tres zonas:

Praza de Ferrol e San Fernando

Está contemplado como un espazo único cun conxunto especial a poñer en valor, conformado polo Cuartel de San Fernando (inmóble BIC) e a Igrexa de San Froilán. Xunto co futuro uso de Cuartel como Museo dá Romanización de Galicia e do Noroeste Español eliminarase o tráfico rodado diante co fin de reforzar o seu carácter emblemático, unido a instalación de unha escultura a gran escala e unha zona arbolada. Na parte posterior do colexio-igreja, os macizos axardinados reconvertéranse en zonas para estancia, coa posibilidade de instalar terrazas de hostalería, e na área do Centro de Saúde ampliarase o espazo para canalizar o paso de peóns a porta Falsa. Unido a isto tamén se trasladará á fonte de San Fernando e a escultura homenaxe á enfermería ao carón da Igrexa e á fronte da Tesourería xeral da Seguridade Social, respectivamente.

Ya puedes reservar tus libros de texto y material escolar con nosotros
Admitimos vales de la administración
¡Felices vacaciones!

Librería Troll

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Ousá
Panadería Pastelería Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

Rúas Bolaño Rivadeneira, Quiroga Ballesteros, Montevideo e Amor Meilán

Nesta zona búscase a diferenciación por medio da arboleda – tanto pola disposición dos aliñamentos como polas especies elixidas – que evidenciarán a evolución histórica, a primeira máis antiga, vinculada ao ensanche proxectado na zona vella, e a segunda, como prolongación para conectar con porta do Hospital tras a construción de Santa María.

No tramo da rúa Quiroga Ballesteros contéplase unha maior densidade de árbores ao lado das edificacións residenciais, reservando zona de carga e descarga entre eles e liberando de obstáculos visuais os edificios dotacionais catalogados. Ademais, Amor Meilán dótese dun aliñamento de camelios procedentes de Santo Domingo, achegando unha cor e unha riqueza que acompañen aos usuarios.

O pavimento está resolto con plataforma única, que destaca o paso de vehículos, e prevese na zona de tránsito de peóns, zonas de ocupación de terrazas de hostalería. O impacto da medianeira do instituto Xoán Montes intégrase por ocultación co transplante do Ghinko Biloba, árbore singular hoxe en Santo Domingo, redeseñando este espazo para favorecer a estancia.

Praza de Santo Domingo e rúa do Teatro

Nesta intervención, un dos elementos máis emblemáticos, o monumento do bimilenario de Lugo, proxéctase como un punto de encontro da cidadanía, que se moverá de sitio para que poida gardar a simetría coa Torre do Reloxo do Concello no eixo da rúa Raiña, propoñendo unha ligazón entre os dous monumentos decisivos na cidade. Ademais, deséñanse outros dous ámbitos diferenciados, cada cúl co seu foco escultórico, na parte alta da Praza, na contorna dun edificio singular como o Palacete de Somoza, e na esquina do Palacio de Velarde. Es-

tes ámbitos estarán arborados e ben equipados con mobiliario urbano para favorecer a estancia e a posible instalación de terrazas de hostalería. Tamén, no eixo ligado ao mosteiro de Santo Domingo e San Francisco, como fondo visual da praza polo oeste, búscase un aliñamento de plantacións para permitir unha mirada en perspectiva e devolverlles a importancia que tiveron na orixe deste espazo urbano. Continuarase co pavimentado colocado na zona recentemente peonalizada e coa plataforma única con diferenciación do tránsito rodado e da zona central cun deseño concéntrico ao monumento.

Con esas premisas, a empresa Proyestegal SL será a encargada de realizar os proxectos para as tres intervencións previstas. A primeira delas, que contará con 15 días de execución, abrangue a peonalización entre a porta Bispo Odoario e a Praza do Ferrol cun investimento superior aos 57.000 euros. O segundo proxecto, cun mes de prazo de execución, comprende unha parte do denominado Corazón verde entre Murallas e afecta á Praza do Ferrol. Neste caso, o orzamento será de 47.288 euros. O último e terceiro proxecto, cun mes de prazo de execución, atende á zona incluída entre a Praza de Santo Domingo e a rúa do Teatro. Prevese así, un custe de algo máis de 37.800 euros.

OUTROS ESPAZOS

Paralelo a estes proxectos de peonalización dentro dos marcos da muralla o concello está a levar a cabo a peonalización de diferentes espazos da cidade entre os que destaca o proxecto de transformación da Ronda da Muralla co cambio de percorrido entre a rúa Santiago e a rúa Vilalba e a zona da Mosqueira. Estas obras de peonalización tamén se están levando a cabo en outros puntos da cidade como a rúa Rafael de Vega ou Camiño Real.



No percorrido entre a rúa Santiago e a rúa Vilalba xa se habilitara un paso peonil no 2020, unha zona provisional que apenas tiña beirarrúa e na que os vehículos circulaban pegados a Muralla. Actualmente, coas obras acometidas neste percorrido o espazo adicado os peóns aumentou e renovouse a zona da Porta de Santiago dando unha mellor estética ao punto da cidade no que se xuntan os tres Patrimonios da Humanidade. De cara á renovación do alumbeado deste treito da muralla intalaronse 9 novas luminarias LED tipo RGB, que permiten variar a luminosidade do monumento segundo a hora do día, mostrando luces de tonalidade cálida na noite e luz fría durante as mañás, o que mellorará a percepción visual.

Por outra banda a nova zona peonil da Mosqueira é un espazo multiusos, con zonas verdes e espazo para a realización de actividades culturais e de ocio, na que se respecta a visión dos arcos da Mosqueira e do edificio racionalista do arquitecto Eloy

Maquieira. O proxecto foi realizado co obxectivo de avanzar na mellora da percepción visual da Muralla, e a zona inferior, próxima á porta de San Pedro, conta cunha pavimentación novidosa en Lugo, que alterna céspepe e baldosas.

En Rafael de Vega a solución executada polo Goberno de Lugo permitiu crear unha zona uniforme e continua, cunha praza que favorece o carácter peonil do conxunto, mantendo a presenza de árbores e de zonas de sombra. A nova zona inclúe tamén un novo alumbeado ornamental a nivel do chan, que aumenta o ambiente cálido e acolledor desta e o espazo central organizouse en forma de grada urbana que contará con elementos novos de mobiliario urbano.

Mais recentemente dende Mobilidade e Infraestruturas Urbanas presentouse o proxecto de humanización do treito final da rúa Camiño Real, entre a rúa Concepción Arenal e a Ronda da Muralla. A nova zona peonil, que suprimirá o tránsito xeral

de vehículos, mantendo o acceso ao tráfico rodado para os residentes, terá un mellor acondicionamento ambiental, ao instalarse zonas verdes con árbores e arbustos no novo treito. O mobiliario urbano tamén se renovará, instalando bancos con respaldo, ademais de papeleiras e fontes. O tráfico procedente da rúa Camiño Real desviarase, percorrendo a rúa Concepción Arenal e incorporándose de novo á Ronda da Muralla a través da rúa das Anduriñas.

Os procesos de peonalización non se están a acometer só no centro da cidade e dentro da Muralla senón que se estenden a outras zonas. Así xa deron comezo as obras de peonalización e humanización da Calzada da Ponte, que van desde a Ponte Romana ata a rúa Santiago. Pola confluencia do Camiño Primitivo e parte da Vía Romana XIX esta é unha das zonas de maior riqueza patrimonial e histórica da cidade. Estas obras contribuirán a mellorar un dos principais accesos ao río incrementando a lonxitude das sendas, tanto peonís como ciclistas, para acceder á zona fluvial. A intervención abarca a explanada diante da Ponte Romana, a rúa Calzada da Ponte, o acceso dende o enlace da Volta da Viña coa N-VI e os ramais de San Lázaro e de acceso á N-VI, así como o viario cara o Balneario, aínda que non se chegará ata as termas porque Patrimonio da Xunta de Galicia non o autorizou. O tenente alcalde, Rubén Arroxo, tamén ven de anunciar que está aprobada a contratación da peonalización da rúa Gallego Tato, no barrio da Piringalla, avanzando nas actuacións de calmado de tráfico nas contornas escolares. Con esta obra creárase unha nova zona de estancia, onde se instalarán bancos, mesas e fontes, xunto con árbores e arbustos, que xerará un ambiente máis saudable e con zonas de sombra no verán. O proxecto propón a implantación de material vexetal como elemento acondicionador da nova zona, co obxectivo de mellorar a calidade ambiental na contorna do colexio.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

Francisco Fernández del Riego será o protagonista das Letras Galegas do ano 2023

A Real Academia Galega dedicará o Día das Letras Galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010). O Pleno da institución acordou homenaxearlo o vindeiro 17 de maio, cadrandoo coa celebración do sesenta aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do que foi inspirador, e os cento dez anos do seu nacemento. Membro da nova xeración de intelectuais que lle deron continuidade ao ideario do Grupo Nós, Francisco Fernández del Riego foi un loitador cultural incansable que chegou a converter nunha auténtica institución do país, respectado por todos e ab-



to ás diversas manifestacións do galeguismo. Foi unha das figuras centrais do galeguismo progresista e clave da resistencia no exilio interior durante o franquismo, cunha traxectoria polifacética e prolífica que abrangueu dende a política, a creación e crítica literaria á edición.

Inaugúrase 'A Revolta dos Clicks', unha nova exposición no MIHL

O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo visitou o MIHL, onde vén de abrir a exposición A Revolta dos Clicks, organizada por AESCLICK e a Concellería de Cultura do Concello de Lugo. Arroxo afirmou que "é unha maneira espectacular e divertida de achegarse á historia de Galiza, unha actividade lúdica e formativa para toda a familia, na que buscamos repetir o éxito da mostra organizada o ano pasado, que achegou a esta instalación a máis de 10.000 persoas"

A exposición poderá visitarse até mediados de setembro. Como o ano pasado, a mostra contará cunha audioguía, que se poderá escoitar escaneando o código QR habilitado en cada zona.

A Revolta dos Clicks consta de 5



dioramas, un central de 20 metros cadrados e outros catro de 4 metros cadrados cada un, nos que se atopan representados distintos momentos da revolta irmandiña e da vida nas poboacións galegas do século XV.

Rubén Arroxo destacou "a infinida-

de de detalles que puxeron as integrantes de AESCLICK en cada un dos dioramas", e animou ás veciñas e veciños de Lugo e a todas as persoas que se acheguen durante o verán a visitar o MIHL e coñecer un anaco máis da historia da Galiza.

A Deputación resolveu os premios María Luz Morales

A Deputación fixo entrega dos Premios María Luz Morales de ensaio e videoensaio sobre audiovisual que outorga a Academia Galega do Audiovisual. O xurado formado polo crítico e programador Víctor Paz, a produtora e docente Belí Martínez e a investigadora e xornalista Silvia Roca outorgou catro premios e un accésit.

Así, o xurado valorou como Mellor ensaio escrito sobre o audiovisual galego o traballo *Mamasunción*. Na xénese dun novo cinema galego de Manuel Barreiro. Doutra banda, o traballo premiado como mellor

ensaio escrito sobre audiovisual internacional foi *A asimilación do "fantástico" nas prácticas da Escuela Oficial de Cinematografía (EOC)* de Severiano Casalderrey.

No tocante aos videoensaios, na categoría en torno ao audiovisual galego, o traballo premiado foi *Sobrevivir ao tempo* (unha mirada sobre Vikingland) de Lara Baceo e, na categoría internacional, foi *Aileen Wuornos presenta: mulleres violentas da posmodernidade cinematográfica* de Eire García Cid. O xurado quiso distinguir cun accésit a *O mundo de Norman* de Antón Varela.

Adega organiza as xornadas de verán 'Os catro elementos'

Adega organiza un ano máis, nos meses de xullo e agosto, as xornadas de verán Os catro elementos, coas que pretenden achegar as persoas á natureza a través da poesía. Catro actividades, unha por cada un dos elementos.

As dúas primeiras serán o venres 26 de agosto, de 23 a 02 horas. Lume. Andaina nocturna e observación de estrelas. Parroquia de Guldriz, Friol. Observarase o ceo nocturno na finca Rego Salgueiro, na parroquia de Guldriz. Esta finca acaba de ser cedida por unha socia

a Adega na que se atopa a mámoa nº2 da necrópole Costa de Mera. Nun pequeno percorrido nocturno, chegarase ata a medorra, onde observarán o ceo e as estrelas.

O domingo 28 de agosto, de 11 a 14 horas. Auga. Roda poética e andaina ata a Fábrica da Luz. Paseo do Miño, Lugo. Nesta ocasión xuntaranse ao redor dunha roda, na que contarán con poetas de Lugo e da provincia, e con todas as persoas que queiran adicar unhas verbas á natureza, a auga ou aos catro elementos.

'Miradas do Imperio' chega á Biblioteca Nodal de Lugo

A mostra de Alfredo Erias *Miradas do Imperio* xa se pode visitar na sala da Biblioteca Provincial. Logo de ser trasladada dende a delegación territorial da Xunta. Alfredo Erias, ata a súa recente xubilación director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino, inaugurou esta exposición en Lugo, na sala da Delegación Territorial da Xunta de Galicia, coincidindo co Arde Lucus, amosando un abano de emperadores e emperatrices de Roma ata o século III, con especial fincapé nos que tiveron relación con Lucus Augusti.

PROMEDISA SUMINISTROS MÉDICOS

COMPRAS ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD







tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRAS ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Convocan a segunda edición da Mostra de Vello Os Oficios Artesáns

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou a segunda edición da Mostra de Vello Os Oficios Artesáns que se organiza por segundo ano consecutivo "despois do éxito desta mostra entre a veciñanza de Lugo o ano pasado". Esta actividade comezará mañá domingo e manterase cada domingo ata o vindeiro 11 de setembro. Desde a área de Cultura plantéxase a mostra para "facilitar o coñecemento dos oficios tradicionais a través de experiencias en directo que mostren o bo facer das e dos artesáns", segundo explicou Maite Ferreiro.

As mostras terán lugar nos soporais da Casa do Concello, na praza Maior os domingos de 11 a 14 e de 17 a 20:30. Cada un dos días contarase con dous profesionais de distintas especialidades, entre

as que se atopan a madeira, os instrumentos musicais, a cestería ou o metal, entre outras.

"Este proxecto de promoción dos vellos oficios céntrase nos labores tradicionais que manteñen vivos mestres e artesáns, e poderase ver a técnica destas disciplinas que sobreviviron á produción industrial", explicou a edil de Cultura, que engadiu "a actual sensibilización contra o cambio climático facilitou a recuperación destes oficios tradicionais e a incorporación de persoas novas ou que se reciclen doutras profesións a este sector".

PROGRAMACIÓN. O 7 de agosto Lis Latas fará unha demostración de instrumentos musicais combinando técnicas tradicionais coas máis novas tecnoloxías. Despois Inés Rodríguez amosará deseños

actuais feitos con técnicas tradicionais de tear coma o gorullo.

O 14 de agosto M^{ra} Xosé Xalgarete ensinará o procedemento fotográfico das cianotipias, e Antón Román Vázquez falará de alfarería tradicional galega. O día 21 Roberto Figueira amosará a talla e escultura en madeira, e José Piñeiro Pérez o proceso de construción das distintas partes dunha gaita.

O 28 de agosto Eugenio Soto explicará tres técnicas de decoración tradicional de cristal, e Carlos Graña o proceso de talla dun cunco de madeira.

Xa en setembro, o día 4 Carla Canelo amosará a xoiería e Julia Vilaño a sombreirería artesanal. O 11 volverá Lis Latas co obradoiro de instrumentos musicais e Francisco Fra Rico coa carpintería de ribeira e a construción de embarcacións.

A praza Maior, protagonista da obra gañadora do certame de pintura rápida

30 artistas participaron este ano na XXII edición do Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre

O xurado, composto pola pintora Vicky Ribadulla; un representante da Escola de Arte e Deseño Ramón Falcón e o deseñador gráfico Iván Mouronte, escolleu como gañadores dos tres premios principais a, Eduardo Gómez Query de Chipiona (Cádiz) co 1º premio (1.600 euros) cunha particular visión da praza Maior; Pedro Cebrian Redondo de Segovia, co segundo premio (1.100 euros), cun deseño da Catedral de Santa María e o tamén segoviano Rafael Carrascal García quedou co terceiro posto (900 euros) cunha perspectiva do Miño.

Os 5 accésit (300 euros e diploma) foron para os seguintes participan-



tes: Isabel Seidel, Abraham Pinto Mendoza, Raúl Gil Burés, Benigno Rodríguez Sánchez e Pablo Caurel Abad.

En canto ao premio para o artista local, dotado de 450 euros e diploma, o xurado decidiu outorgarllo a María Uxía Amigo de Pacual.

Música no camiño, un ciclo de concertos nas igrexas xacobeas

Musica no camiño é un ciclo de concertos que terán lugar en diferentes igrexas do Camiño Primitivo co propósito de aproximar o patrimonio cultural, histórico e arquitectónico e poñer en valor ao rural e ás parroquias que o integran.

A organización do ciclo corre a cargo do músico e organista Giulio Mercati, responsable dos eventos de música sacra da Diocese.

Os próximos concertos terán lugar o mércores 3 de agosto ás 21.00 horas na igrexa parroquial de San Martiño de Poutomillos e o mércores 10 de agosto ás 21.00 horas na Catedral de Santa María.

Vicki Ribadulla presenta a mostra sobre mulleres do nordés

A pintora Vicki Ribadulla presentou o libro e a exposición *Atlánticas, Mulleres do Nordés* coa participación das poetas Luz Airado e Beatriz Dourado, e coa colaboración de Area López e Lola Barrientos.

Esta mostra é unha nova proposta para coñecer a obra desta pintora, que permitirá coñecer distintas escenas da costa da morte. Consta de 27 acrílicos sobre lenzo, xunto con 3 lonas de 1x2 metros cada unha.

A artista, Vicki Ribadulla, definiu a *Atlánticas, Mulleres do Nordés*, como "unha declaración de principios e unha toma de postura ante



unha forma de vida e unha cultura do mar da que formo parte por legado e por desexo e que é intrínseca ao ser da Costa da Morte, de forma moi

intensa, a presenza do lugar onde vivo- Muxía-, está en todo o proxecto, mais é un microcosmos exportable, metáfora de moito máis".

O PP ve insuficiente a oferta lúdica para a mocidade

O Partido Popular considera "insuficiente" a oferta de campamentos para a mocidade patrocinados desde o departamento de Xuventude fronte ás actividades que se programan noutros municipios galegos.

A concelleira popular Cristina Abades cre que o concelleiro socialista utiliza de forma partidista esta concellería e que "se esquece das verdadeiras necesidades dos mozos destinando esforzos e recursos de Xuventude a eventos para autopromoción da alcaldesa de Lugo como o Arde Lucus". "Non temos nada en contra de que se apoie esta celebración pero non á conta de recortar fondos para actividades para os nosos mozos", di.

CURSOS

Xacobeo 21-22

FREE CURSOS GRATUITOS

PLAZAS LIMITADAS!

MODALIDAD: TELEFORMACIÓN Y AULA VIRTUAL

PARA EMPLEADOS, DESEMPLEDOS Y FUNCIONARIOS

CURSOS DISPONIBLES:

- MANIPULADOR DE ALIMENTOS
- COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS
- POSICIONAMIENTO WEB Y MARKETING DIGITAL EN BUSCADORES
- IMPLANTACIÓN MARCA Q DE CALIDAD
- ELABORACIÓN DE PLATOS COMBINADOS
- ECOTURISMO

MÁS INFO

982 22 26 49

formacion@estudiosrafer.es

estudiosrafer

¿ESTÁS DESEMPREGADO E AÍNDA NON COÑECES REINICIA TE ENCAMIÑA O TEU FUTURO?

REINICIA TE ENCAMIÑA O TEU FUTURO É UNHA INICIATIVA CREADA POLA ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA FORMAR A DESEMPREGADOS DE LONGA DURACIÓN.

OS CURSOS COS QUE PODERÁS OBTEN O CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE SON:

- GESTIÓN Y ORGANIZACIÓN DE LOGÍSTICA Y REPARTO
- COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2
- AT. SOCIO SANITARIA A PERSONAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIONES LOCALES
- RELEVO GENERACIONAL PARA EL MANTENIMIENTO DE LA VID

lugoempleo@eoii.es

T: 982 260 204 / M: 672 06 33 31

lugoempleo.com

EUROPEAN UNION

EUROPEAN UNION

400 actividades e nove mostras, balance do semestre

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, fixo balance da actividade cultural organizada durante o primeiro semestre de 2022, tempo no que as veciñas e veciños de Lugo puideron desfrutar de preto de 400 actividades culturais de distintos tipos, ademais de ter a oportunidade de visitar un total de 9 exposicións temporais no Vello Cárcere e no MIH.

A actividade cultural de 2022 comezou coa cabalgata de Reis, que contou con espectáculos de gran calidade internacional para amenizar a visita das nenas e nenos ás carrozas reais, e que contou coa animación de primeira calidade achegada por parte de destacadas compañías galegas.

A programación contou con máis de 300 actividades organizadas no Vello Cárcere, con visitas guiadas teatralizadas, grupos de lectura, charlas e actividades infantís. Así como 28 representacións teatrais no auditorio Gustavo Freire.

No tocante á música, Lugo puido contar con 10 concertos a cargo das agrupacións do Conservatorio, organizados tanto nas rúas como no auditorio municipal e unha

xuntanza con 4 corais de Lugo e a 49 edición da Semana de Música do Corpus. Ademais do II Celme de Zanfona e a xuntanza Soundsystem no camiño. A actividade musical continúa coa terceira edición do Muralleando, que converterá a praza da Mosqueira no centro da programación musical das agrupacións de Lugo durante todo o verán.

O Vello Cárcere acolleu 8 exposicións de distintos xéneros e o MIHL *Así Xogabamos*, que xuntou a preto de 7.000 persoas.

A área de Cultura renovou a súa aposta pola arte urbana, con novos murais.

Entre o resto de programacións, atópanse as 15 actividades do Entroido, 11 polo día das Letras Galegas, a homenaxe a Rosalía polo 185 aniversario do seu nacemento, a ampliación do paseo das palabras do ano, e os preto de 1.000 libros entregados ás veciñas e veciños de Lugo coincidindo co día do Libro e no día das Letras Galegas, ademais da segunda edición do Enredando co Galego, que este ano duplicou o número de centros participantes, achegando o galego a case 200 estudantes.

17 artistas presentan no Vello Cárcere a mostra 'LiberArte'

O concelleiro de Educación e Difusión do Coñecemento do Concello de Lugo, Felipe Rivas, visitou o Vello Cárcere xunto con 17 artistas da asociación AlterArte, que expoñen a súa mostra *LiberArte*. A mostra consta dunha selección de obras de temática diversa, con algunhas facendo un guiño a Lugo, á catedral, ao río Miño, e outras que expresan sentimentos de soidade nun cárcere ou ansia de liberdade. A maioría son temas dispares, con temática, técnicas e estilos diferentes que conforman a diversidade da asociación.

A mostra poderá visitarse no Vello Cárcere ata o 17 de setembro, e consta dunha selección de obras dos seguintes artistas: Ana Padín, Aurea Pousa, Azpeitia, Carmen Balbuena, Concetta Montenegro, Constantino González, David Cabaleiro, Lorena Novoa, Luís Martín, Luís Viñas, Luisa Paz, Lurdes Meis, Manuel Cerdeira, María Fortes Blanco, Pilar G. Mourín, R. Priegue e Tania Ulloa.

AlterArte é unha asociación de artistas plásticos e visuais, cun proxecto dinámico e aberto a todo tipo de tendencias, que teñen como obxectivo a promoción das



súas creacións artísticas e a divulgación doutras manifestacións culturais actuais.

Ofrece como asociación un lugar de encontro enriquecedor, tanto polas distintas visións que aporta cada artista, como as novas perspectivas a nivel cultural que ofrece nas diversas exposicións e feiras ao longo do ano.

ARTE TINGA TINGA. A esta hai que engadir a mostra do artista tanzano Allen Enock Abeid, que expón nas celas de homes unha mostra de arte *Tinga Tinga*. A mostra poderase ver no centro cultural lucense ata o 30 de setembro.

O Tinga Tinga é un xénero pictó-

rico creado no leste de África a principios do século XX. Pode considerarse un estilo naïve e caricaturesco, "arte que fai sorrir", "arte mantra", etc.

PABLO AULADELL. A exposición *El Paraíso perdido*, do ilustrador valenciano Pablo Auladell, vén de unirse á proposta expositiva do Vello Cárcere. A nova exposición consta de 46 pezas, que mostran o proceso creativo do autor na adaptación do poema de John Milton á novela gráfica, libro que foi publicado no Reino Unido, Brasil, Francia e Holanda. En total, poderán verse 40 debuxos, 6 ilustracións e outros documentos que completan a visión do proceso.

A arquitectura lucense centra a nova mostra no Museo Provincial

A mostra *Arquitecturas Debuxadas. Lugo/Compostela* do arquitecto e debuxante Santiago Catalán, pode verse na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo ata o vindeiro 30 de setembro. Trátase de 121 debuxos de edificios e espazos representativos da arquitectura das cidades de Lugo – 54 debuxos – e Compostela – 67-.

No caso de Lugo, a mostra ofrece un paseo visual que se detén na catedral, a casa do Concello, na Praza do Campo ou na Muralla, e nos edificios deseñados por arquitectos como Juan Álvarez de Mendoza, Luis Bellido, Nemesio Cobreros, Eloy Maquieira ou Alfredo Vila, que renovaron o urbanismo da cidade.

O compendio de ilustracións sobre Compostela artéllase ao redor da catedral e das rúas próximas, amosando detalles da súa arquitectura desde perspectivas diferentes e cunha mirada tridimensional que aproxima ao espectador a reflexionar sobre o proceso construtivo.

Na súa intervención, Maite Ferreiro convidou a visitar a exposición que "nos permite facer un paseo visual pola cidade e deter a mirada



en espazos, edificios, elementos arquitectónicos, polos que pasamos a cotío sen reparar nela" e que definiu "como unha invitación a valorar o patrimonio co que contamos na cidade".

INCORPORACIÓN. O Arquivo do Museo Provincial de Lugo incorpora aos seus fondos un importante conxunto documental doado por José Antonio Cobreros Aranguren. Trátase de 11 cartapacios de documentación, 3 libros manuscritos e outros 3 impresos cunha cronoloxía que abarca desde a primeira metade do século XVI ata as primeiras décadas do século XX e que

formaban parte do arquivo familiar do enxeñeiro e neto do arquitecto lucense Nemesio Cobreros.

Dacordo coa primeira revisión realizada por técnicos do arquivo do Museo Provincial e polo investigador do CSIC do Instituto de Estudos Galego Padre Sarmiento, Pablo Otero Piñeyro Maseda, contrastada con informacións facilitadas polo propio doante, "a orixe da maior parte dos cartapacios e manuscritos comprende os restos do arquivo familiar da Casa de la Barrera (Cospeito)", completando así o conxunto de documentos dese arquivo familiar adquiridos hai varias décadas pola Deputación de Lugo.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



LUGO KM 100

LUGO, CENTRO NEURÁLXICO DO TURISMO DE PROXIMIDADE NA GALIZA

» A 100 KM DE ZONAS TURÍSTICAS:
A MARIÑA, A RIBERIA SACRA OU COMPOSTELA

» TRES PATRIMONIOS DA HUMANIDADE:
A CATEDRAL, A MURALLA E O CAMIÑO PRIMITIVO

» UNHA APOSTA POLO TURISMO
SOSTIBLE E DE PROXIMIDADE



“Cos lumes, sentimos unha gran impotencia, o que prevíamos os últimos anos está acontecendo”

Entrevista a Lucía Anido, vogal de Adegas Lugo

Que é Adegas e como funciona esta asociación?

Adegas (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia) leva dende os anos 70 traballando e loitando na defensa do medio ambiente galego. Ademais da labor reivindicativa, Adegas conta cunha equipa de Educación de Ambiental en Compostela, que desenvolven proxectos de Compostaxe, ou o Proxecto Ríos, programas de concienciación e voluntariado ambiental. Alén da sede nacional, hai delegacións soberanas, como a de Lugo, que traballamos en problemáticas propias de cada cidade, comarca ou provincia.

Unha vez ao ano ten lugar a Asemblea Xeral na que están chamadas a participar todas as socias, e na que se renovan os cargos directivos, ademais de decidir as loitas nas que se traballará ese ano. Do mesmo xeito, as delegacións teñen asemblea xeral, pero esta vez con periodicidade cada dous anos.

Na delegación de Lugo reunímonos cada mércores ás 20.30h no local de ADEGAS, e animamos ás socias da delegación a participar nestas reunións, xa que fai falla moita xente, xa que hai moitos fronts abertos, e non sempre conseguimos combatalos. ADEGAS forma parte de moitas plataformas, nas que de forma coordinada con outras asociacións e colectivos se traballa para facerlle fronte aos actuais problemas ambientais, como por exemplo a vixente EÓLICA ASÍ NON, ou POR UN MONTE GALEGO CON FUTURO.

Como estades a vivir dende a asociación a vaga de incendios?

Cos lumes, sentimos unha gran impotencia, o que prevíamos durante os últimos anos estaba acontecendo. Isto o prevíamos nós, e tanta outra xente, a excepción da Xunta, que, pese as advertencias de que este ía ser un verán moi seco, no PLADIGA estimaba para todo este ano que a superficie afectada polos lumes serían 16.200ha, case a metade do que leva ardidado nunha semana 30.000ha, e lembremos que estamos a principios de verán, e o peor está por chegar.

O persoal que estivo traballando nestes lumes, é o mesmo que o que traballaba en maio cando non había lumes. Estamos vendo as primeiras consecuencias do cambio climático, e isto é o principio, cada vez será peor.

Estes lumes son o resultado das políticas agrícolas e forestais deseñadas para o beneficio das empresas e non das persoas, o negocio incendiario da Xunta. Se as aldeas se salvaron foi pola veciñanza do Courel, xunto coas voluntarias e os insuficientes e precarios servizos de extinción de incendios, que resistiron, defenderon e loitaron. Tamén compróbase como a existencia de soutos axudou a frear o avance das lapas.

A xestión dende a Xunta destes lumes foi nefasta, deixaron arder aldeas, e boa parte dos espazos naturais protexidos que hai na Galicia. Como é posíbel que ardan áreas de tan alto valor ambiental como o ZEC (Zona de Especial Conservación) Ancares Courel (en Lugo) e o Parque Natural do Invernadoiro, o Parque Natural da Enciña da Lastra e o ZEC do Macizo Central, en Ourense, afectando tamén a Valdeorras, Oímbra, Vilariño de Conso e Palas, e sen que a Conselleira de Medio Ambiente Ángeles Vázquez Mejuto de a cara é dea os datos sobre a superficie perdida dos espazos naturais, e como pretenden restaurar a zona.

Que medidas credes que serían necesarias para evitar estes desastres naturais?

Antes o monte non ardía nesta magnitude e intensidade, porque había gando no monte que xestionaba o soto bosque, este é un xeito sustentábel, e que fixa poboación no rural. Dende logo, para evitar estes desastres naturais, debería prohibirse as repoboacións de pirófitas como son o piñeiro ou o eucalipto na contorna de espazos naturais e espazos habitados. Dar axudas para que as persoas podan establecerse no rural, aínda que isto último vai en contra da pretensión da Xunta de baleirar o rural para convertelo nun gran polígono industrial con megaproxectos eólicos, eucaliptización ou minería ao servizo das grandes corporacións.

Cales son as perdas na provincia a raíz destes grandes incendios?

O que se perde con estes incendios na provincia é a fauna salvaxe, e que tardará moitos anos en volver a reaparecer, porque a contorna tamén degradada non ofrece o sustento necesario para a recolonización natural. Cos lumes ademais desapareceron aves ameazadas, como os bufos reais, as tartarugas cincentas e as gatafornelas. O oso pardo ta-

mén vai recuar ao atoparse cun espazo queimado. Perdéronse centos de milleiros de bolboretas, abellas, saltóns, e pequenos mamíferos que quedaron abrasados por estes lumes. Ademais perdemos sobreiras, cerquiños, aciñeiras e érbedos que quedaron convertidos en carbón en pouco tempo. A recuperación destes espazos non é cuestión de décadas, senón de centos de anos. E tamén ardeu a aldea de Vilar, onde estaba a casa museo de Juan de Vilar, que era unha enciclopedia viva da cultura e historia do Courel.

Como vedes o proceso de recuperación dos montes e das aldeas queimadas?

As labores de rexeneración das áreas queimadas e loita contra a erosión deben basearse en criterios científicos, seguir determinados protocolos e seren guiados por persoas profesionais. Pódense desenvolver cun voluntariado, sobre todo a vixianza e rexeneración, e debe estar previamente formado e coordinado. O voluntarismo sen as anteriores premisas podería supoñer un risco engadido para o medio e a seguridade das persoas. Todas temos ganas de axudar pero debemos facelo con cautela.

Cal é a vosa valoración das concentracións convocadas en rexeitamento do lume?

Ante a impotencia de non facer outra cousa convocamos mobilizacións, primeiro o martes 19 de xullo convocámonas dende Adegas nas cidades de Lugo e Ourense, ante a urxencia de visibilizar o que estaba acontecendo. O xoves 21 de xullo pretendíamos facelo algo máis aberto a través da plataforma Por un monte galego con futuro, conformada por máis colectivos, e en todas as cidades galegas. A valoración foi positiva, a xente saíu á rúa, e penso que as veciñas afectadas polos lumes sentiron o apoio dende as cidades. En canto ao resto das reclamacións, seguiremos loitando para que se cumpran, como o reforzo especial dos dispositivos de prevención e extinción con especial atención aos espazos naturais de maior valor ecolóxico e ambiental de Galicia, agora e durante todo o ano. A creación dun único servizo público, de xestión directa e dependente da Xunta, evitando a súa privatización, composto por profesionais, adecuadamente formado en pre-



vencción, extinción de incendios e multiemxencias que poidan alternar os labores de extinción no verán e prevención durante todo o ano. A declaración de zona catastrófica (agora zona afectada gravemente por unha emerxencia civil) das áreas atinxidas polos lumes.

Accións inmediatas nas zonas queimadas para evitar a erosión destes solos de extraordinaria importancia e procurar o antes posíbel a súa restauración. A suspensión da tempada de caza e pesca non só nas áreas queimadas senón tamén nos tecores veciños por un período que permita a rexeneración das poboacións salvaxes afectadas polo lume.

O pulo decidido a políticas estruturais que preserven a biodiversidade natural, restauren os ecosistemas danados e recuperen os usos tradicionais e multifuncionais dos montes, como o pastoreo, e que contribúan a fixar poboación no rural e a afastar os lumes. Denunciamos que a Xunta siga empregando o monte galego como obxecto de especulación, ou como solo barato para as grandes corporacións multinacionais enerxéticas, pasteiras e mineiras que expulsan ás persoas do rural na procura do seu lucro privado. E agardamos que non se aproveite esta situación de desgraza ambiental e social para favorecer os intereses dos lobbys enerxético, mineiro, urbanístico, e forestal.

En que outros proxectos estades a traballar agora?

Hai outra gran loita contra as megacentrais eólicas, que están ameazando toda Galicia, e expulsando ás persoas do rural. Están poñendo muiños de 200m a tan só 500m das vivendas, en parcelas agrícolas actualmente en uso, en zonas de gran valor ambiental e cultural. Pretenden arrasar con todo buscando só o beneficio das grandes multinacionais e fondos de inversión, legislando á medida, para deixar a poboación nunha total indefensión, pero pese a todo, está habendo unha gran resposta por parte da veciñanza, e colectivos ecoloxistas, sociais e culturais.

Ademais tamén estamos traballando con denuncias as plantacións e cortas ilegais. A xente segue plantando eucaliptos pese ao que está acontecendo e aínda sendo ilegal.

E na delegación de Lugo, temos moi-

tos fronts abertos, a protección da esquina de San Roque e o Carril das Flores, as piscinas de auga quente que o Concello quere instalar no Parque do Miño, que pese a grande eficiencia que podan ter, vai supoñer un consumo enerxético, que moi probablemente non podemos asumir, xa non por unha cuestión económica, que para iso se pediu un crédito de varios millóns endebedándonos máis, senón pola situación de crise enerxética.

Gustaríanos convidar ás gobernantes do Concello a que afondaran algo máis no decrecemento, xa que dende o noso punto de vista (e o de moitas outras persoas) é o único camiño a seguir, cunha orientación moi diferente á que están seguindo no Concello, que tinxe todo o que fai de verde, pero facendo o mesmo de sempre (Greenwashing que lle chamamos nalgúns sitios).

Tamén traballamos contra a privatización do río tan presente na cidade de Lugo. Non é entendíbel que a día de hoxe, se permita que o Club Fluvial teña pechado o río, é ilegal, e seguiremos loitando para que todas as persoas podan camiñar libremente pola zona de servidume do río.

E a zona este de Lugo, na que aínda hai carballeiras de grande valor e núcleos rurais que se verán encaixados entre dúas autovías, a A6 e a Ronda Leste. Entendemos que nesta situación de crise enerxética, social e ambiental, debemos preservar os espazos naturais, e non crear novas vías de comunicación que o único que van a producir é o aumento de tráfico o que implica maiores emisións de efecto invernadoiro e a destrución dos servizos ecosistémicos que aportaban eses espazos naturais destruídos.

Tamén estamos a traballar no proxecto silencioso de eliminación dos pasos a nivel de ADIF, que vai destrozando os camiños tradicionais que hai pola zona de Penoucos, Bósede e Castelo. Unha zona na que o rural introdúcese na cidade, e cun grande valor. Muros tradicionais e sebes veranse destruídos se non lle poñemos freo. Animamos a que todas as persoas que teñan interese en coñecer o noso traballo, ou algún destes proxectos se poña en contacto con nós a través do correo electrónico (adegalugo@adega.gal) e no teléfono 982240299.

O BNG avalía o seu traballo nos tres últimos anos de Goberno

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Lugo vén de manter unha xuntanza para avaliar o traballo realizado nas áreas de goberno nas que teñen responsabilidade durante os primeiros tres anos de mandato, e traballar na planificación dos últimos meses. O portavoz do BNG e Tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, afirmou que “neste mandato conseguimos iniciar a transformación que Lugo levaba agardando moitos anos”, e engadiu “nos vindeiros meses continuaremos a traballar nestes proxectos, continuando a avanzar na mellora da seguridade viaria e na humanización de Lugo”. A área de Mobilidade e Infraestruturas, dirixida polo tenente alcalde e con Alexandre Penas ao cargo da concellería de Infraestruturas Urbanas realizou nos últimos anos unha serie de intervencións importantes para a cidade, como a peonalización da Mosqueira, de Quiroga Ballesteros ou de Recatelo. “Os traballos no centro da cidade complementáron-



se coa atención aos barrios, o lugar onde vive a maior parte das veciñas e veciños de Lugo”, explicou Rubén Arroxo en referencia ás actuacións executadas nas zonas periurbanas, como Castelo, e en barrios como As Gándaras ou Fingoi. A área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, da que é responsable Maite Ferreiro achegou a Lugo unha programación cultural de calidade, continuando con actividades culturais continuadas durante todo o ano e dando peso a todo o tecido cultural e asociativo de Lugo. Rubén Arroxo

afirmou que “traballamos e traballaremos para achegar a Lugo propostas culturais de calidade demostrada con premios a nivel galego, estatal e internacional”.

No tocante á Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento, dirixida por Felipe Rivas, puxo en marcha un plan piloto de vieiros escolares seguros no colexio de Albeiros, “aproveitando as actuacións de calmado de tráfico executadas desde a área de Mobilidade, creando itinerarios seguros para que as nenas e nenos poidan asistir ao colexio de maneira segura”, afirmou Arroxo. A área de Participación e Servizos para a Veciñanza, dirixida por Cristina López, completou nestes anos a renovación da praza de Abastos e nestes anos aumentou a cantidade de actividades que acollen tanto a Praza como o Mercado Municipal, “dous espazos históricos da cidade que contan xa cun entorno completamente renovado”, lembrou Rubén Arroxo.

A mocidade ve preocupante o emprego e a vivenda



Primeira reunión da mocidade no plan Axenda Urbana

O emprego, a vivenda e o coidado medioambiental son algúns dos temas que máis preocupan á xuventude lucense. Ao redor dunha vintena de mozos e mozas participaron no primeiro encontro de participación cidadá no CEI Nodus, enmarcado no plan de acción Axenda Urbana 2030 do Concello.

O obxectivo destes encontros é escoitar as súas ideas, inquietudes e motivacións. Nestes encontros debaterase sobre os retos e desafíos do futuro e sobre as propostas en materia de mobilidade, medio ambiente, vivenda, inclusión social, participación cidadá, emprego e economía circular.

O PP denuncia “politización” das canles dixitais

O PP do concello de Lugo denunciou a “politización” das canles dixitais institucionais do Concello. Critican así, que a alcaldesa utilice cartos públicos para “adoctrinar aos lucenses” tras tildar de grave que se utilicen ao servizo do PSOE unhas plataformas que están concebidas para dar información á cidadanía. “Denota unha falta de pudor á hora de usar fondos públicos confundindo o interese público cos intereses do seu partido”, denuncian.




NOVOS LETRADOS. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, deu a benvida aos novos letrados. Unha cita, que tivo lugar no salón da sede colexial, e na que Tomé Roca foi testemuña da xura dos novos membros do Colexio e da imposición das togas.

Un ano e catro meses de prisión para Liñares pola causa da ORA

O Xulgado de Instrución número 1 de Lugo remitiu á Audiencia Provincial a causa na que investigou a presunta adxudicación fraudulenta, en 2009, do contrato de xestión do servizo de regulación de aparcamentos na vía pública (ORA) no Concello de Lugo. O maxistrado emitiu o auto de apertura de xuízo oral despois de que as partes chegasen a un acordo coa Fiscalía, o cal deberá ser ratificado nunha comparecencia convocada pola Audiencia.

No auto, consta que os tres investigados aceptaron ser condenados por suborno e pertenza a grupo criminal. Desta forma, Francisco Fernández Liñares, concelleiro que

exerceu entre 1999 e 2008, e o ordenanza do Concello e delegado da empresa Setex Aparki conformáronse con ser condenados, como autores dun delito de suborno cometido por funcionario e dun delito de pertenza a grupo criminal, a un ano e catro meses de prisión, ao pagamento dunha multa de 6.000 euros e á inhabilitación para emprego ou cargo público durante dous anos. Pola súa banda, o responsable de Vendex en Galicia aceptou, por incorrer nun delito de suborno cometido por particular e noutro de pertenza a grupo criminal, un ano e catro meses de cárcere e o pagamento dunha multa de 6.000 euros.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Lugo Monumental ofrece unha web turística da cidade

A asociación Lugo Monumental presentou unha web específica do turismo en Lugo. Un servizo que o colectivo botaba en falta no concello de Lugo. A web, accesible dende turismoenlugo.com ou lugoturismo.es e turismolugo.es.

Trátase dunha iniciativa que eles mesmos tildan de “sinxela e cunha disposición de elementos clara e sen información farragosa”. Coa web, o colectivo intenta captar a atención do público para que coñeza que visitar e que facer na cidade de Lugo, con referencia ás principais festas da cidade como o Arde Lucus ou o San Froilán, pero tamén recolectando outras iniciativas cultu-

rais.

Pretenden, así, realizar unha orientación ao visitantes incluíndo apartados como lugares de aloxamento e locais recomendados de hostalería ou unha sección de compras e servizos. Malia que polo momento a páxina non amosa todos os servizos dispoñibles, a asociación incorporará, paulatinamente, aos máis de 100 asociados do colectivo.

Asemade, Lugo Monumental avanza que irá abrindo as opcións a novas visitas fóra de murallas e, incluso, a utilizar Lugo como “punto cero” para organizar viaxes de varios días co epicentro na cidade.

A UNED abre a matriculación para o próximo curso

Dous novos Graos e dous novos Másteres oficiais inclúense na oferta académica da UNED para este curso, cuxo prazo de matrícula está xa aberto até o 21 de outubro. O proceso de matriculación da UNED realízase totalmente online, e os estudos cúrzanse a través dunha metodoloxía online e semipresencial nova, única en España e líder no seu sector. Tamén queda aberta a matriculación para o Curso de Acceso á Universidade para Maiores de 25 e 45 anos. Matricularse nun curso na UNED supón converterse no protagonista da propia aprendizaxe, así como entrar á universidade pública máis grande de España, tanto en número de estudantes como en oferta académica. Tamén supón estudar no maior campus de Europa. Máis de 200.000 estudantes confían cada ano na UNED e gozan dun sistema de aprendizaxe innovadora que combina docencia online e acompañamento presencial soportado por unha plataforma tecnolóxica en constante evolución que permite ofrecer un modelo flexible e adaptado ás necesidades individuais

de cada un dos seus alumnos.

En todos os cursos de UNED aplícase unha metodoloxía única de ensino semipresencial, creada tras anos de experiencia da UNED. Con esta metodoloxía, os cursos son flexibles e respectuosos co ritmo de vida de cada estudante, pois permiten estudar de forma online desde calquera lugar do mundo, con apoio presencial desde unha rede nacional e internacional de Centros UNED que suman 80 sedes en 75 cidades de 17 países.

Os prazos de matriculación da UNED xa están abertos para os Graos, Graos combinados, Másteres, Microtítulos e o Curso de Acceso á Universidade para Maiores de 25 y 45 anos do novo curso académico. Para realizar o proceso de matrícula, totalmente online, necesítase crear un usuario e contrasinal de acceso ao Campus UNED que se pode obter por primeira vez desde o Sistema de Obtención do Identificador. Os antigos estudantes da UNED poderán recuperar os seus contrasinais e usuarios aquí.

A veciñanza esixe a creación dunha unidade de Ictus no Hula

A Plataforma en Defensa da Sanidade e especialidades do Hula continúa na súa loita pola consecución dunha unidade de Ictus na capital. Case 5 anos despois da primeira demanda dunha unidades especializada en infarto cerebral, a plataforma xunta a Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti, recuperan esta petición.

Segundo un escrito remitido aos medios, no 2019 o Ictus afectaba ao redor de 800 pacientes anuais en Lugo. Con este dato na man, preguntábase dende os dous colectivos cantos pacientes deixaron a súa vida polo camiño nos últimos cinco anos por non ter no Hula unha unidade especializada.

Lembran dende a plataforma, que en decembro de 2021, “falamos claro e definimos o que entendemos como unidade de Ictus segundo as recomendacións mínimas para esa unidade por parte da Sociedade Es-



pañola de Neuroloxía”.

Reivindican para Lugo e para o seu Hospital un equipamento mínimo para a creación dunha Unidade de Ictus. “Requerímoslo vía email ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Director de Asistencia Sanitaria e á Xerencia do Sergas”.

Entre outras cousas, os colectivos piden un neurólogo de garda as 24

horas do día, con presenza física no Hula e outro, tamén de garda 24 horas, con presenza para o diagnóstico e tratamentos, será tamén o responsable no caso de que despois de aplicados os tratamentos químicos para disolver o trombo “e se non se logra o resultado óptimo, será o profesional que acceda á arteria taponada e extraiga o trombo”.

A Politécnica Superior, na rede estatal de Gravimetría Absoluta

O Instituto Xeográfico Nacional (IGN) prevé incorporar de xeito inmediato á Rede Española de Gravimetría Absoluta (REGA) a Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo, o escenario no que técnicos do IGN desenvolverán a partir do próximo luns observacións gravimétricas. Os traballos proxectados na sede universitaria luguesa polos técnicos do Instituto Xeográfico Nacional inclúen a instalación na EPS de Enxeñaría dun gravímetro permanente.

Os dispositivos empregados polo IGN para este tipo de observacións gravimétricas permiten replicar en gran medida o experimento científico desenvolvido por Galileo Galei na torre de Pisa. De feito, estes instrumentos observan a traxectoria descrita por unha masa en caída libre ao longo dunha cámara de baleiro.



Estas medicións permiten obter incrementos de distancia, cun láser de helio-neón, e de tempo, a través dun reloxo automático de rubidio.

As observacións que integran a rede de estacións REGA serven como referencia de primeiro nivel para todos os axentes públicos ou privados que empregan a gravimetría para o des-

envolvemento das súa actividade, ao tempo que ofrecen servizos a campos de estudo como da xeodesia, a xeofísica, a metroloxía e outras aplicación moi diversas, entre as que se inclúe a calibración de células de carga, a prospección de metais ou, entre outros, de combustibles fósiles.



Santander Consumer Finance

FINANCIACIÓN / LEASING / RENTING / CONSUMO

Estamos en LUGO / OURENSE / PONTEVEDRA / A CORUÑA / SANTIAGO

Avda. A Coruña, 439 - 27003 Lugo / Tel.: 982 20 20 82 / Fax: 982 21 78 33

Alberto Rojo Alboreca, novo presidente de FSC España

O profesor da área de Enxeñaría Agroforestal da USC na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo Alberto Rojo Alboreca ocupará a presidencia da delegación española de FSC (acrónimo en inglés de Forest Stewardship Council ou Consello de Xestión Forestal) ata finais de 2023. O tamén enxeñeiro de Montes e investigador do grupo Unidade de Xestión Ambiental e Forestal Sostible (UXAFORES) da USC resultou elixido para o cargo na última asemblea anual de socios da delegación española desta organización mundial, na que tamén foron elixidos para a súa xunta directiva Begoña Abellanas Oar, do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes e da Universidade de Córdoba; e José Joaquín Suárez Tejeiro, directivo



e representante da Asociación de Dehesas Ecolóxicas (Adeheco). “Ser presidente de FSC España supón a culminación da miña relación con esta asociación, coa que colaboro desde a súa creación hai preto de 25 anos debido ao meu compromiso persoal coa sustentabilidade e, nomeadamente, coa xestión forestal responsable”, sinala Rojo Alboreca,

ao tempo que afirma que asume este novo cometido con “gran honor e enorme responsabilidade”.

O labor que desenvolve Alberto Rojo Alboreca desde hai tres décadas como docente universitario que imparte materias relacionadas coa ordenación de montes, a certificación forestal ou, entre outras, a xestión de espazos naturais protexidos, constitúe outros dos acicates que levou a este docente a asumir a presidencia de FSC España. “Creo asemade que é unha responsabilidade obrigada dos docentes coñecer, involucrarse e estar na vangarda dos temas que ensinamos, á vez que debemos servir de referencia tanto para o alumnado como para a sociedade no seu conxunto”, comenta o investigador do grupo UXAFORES da USC.

Coidemos Lugo celebra o seu segundo aniversario

Coidemos Lugo, un movemento social da cidade que busca pór en valor o patrimonio, a natureza e os espazos públicos, cumpre dous anos de historia e, para festexalo, organiza unha xornada de limpeza e concienciación ambiental o vindeiro domingo 14 de agosto.

A actividade terá lugar na praciña do Carmen en horario de 18:00 a 20:00, unha acción que se suma ás xa realizadas en Fingoi, Abella ou o centro de Lugo. Con preto de mil voluntarios este segundo ano ampliaron a súa actividade a realización de charlas en diferentes centros educativos da provincia e incluso fóra como Maristas en A Coruña.

Xuventude lanza unha campaña contra o consumo de substancias

O goberno de Lara Méndez realizará diferentes intervencións itinerantes ca finalidade de concienciar aos mozos e mozas sobre as consecuencias do consumo de substancias aditivas, e dotalos de coñecementos dun xeito dinámico e participativo. Unha acción incluída no programa +Xti, que subvenciona o Plan Nacional sobre Drogas adscrito á concellería de Xuventude.

As sesións terán lugar durante diferentes fins de semana nos meses de xullo e agosto, cun formato “diferente, ecolóxico e moi atractivo, con soportes informativos móbiles, en diferentes puntos da cidade, co propósito de chegar a

máis público durante unha mesma sesión”. No mes de setembro, a unidade informativa, estará ubicada nun stand dentro do recinto do Caudal Fest, os mozos e mozas que se acheguen poderán participar en diferentes actividades de ocio, serán agasallados con merchandising e disporán de material informativo.

“Unha campaña na que ofrecemos ferramentas útiles para xerar unha mellor xestión das emocións, fomentar as boas prácticas e sensibilizar sobre os riscos do consumo de alcol e outras substancias, especialmente entre os máis novos e potenciar o lecer nocturno saudable”, sinalou o edil.

CCOO denuncia precariedade dos traballadores de Polusa

A sección sindical de CCOO Polusa denuncia as deficientes condicións laborais dos traballadores de Polusa, cuxas consecuencias, asegura, recaen directamente nos usuarios. “Agora mesmo hai 15 avós da unidade do maior afectados por covid 19, os traballadores non dan abasto e ante a falta de resposta da compañía acaban chorando de impotencia”.

Explican que os 2,5 auxiliares de enfermería que hai por quenda, “no mellor dos casos” (as veces hai tan só 1), atenden a máis de 20 pacientes (15 deles con covid) polo que están desbordados sendo a situación actual de emerxencia.

O mesmo ocorre noutras unidades do hospital. “As enfermeiras son suplidas por outros profesionais. Os celadores vense sobrepasados e tamén ven as súas funcións enlongadas fóra do seu ámbito, situación que en xeral

tamén adoce o persoal administrativo, de limpeza, lavandería, técnicos da unidade radioloxía e de todo o hospital en xeral”.

“Esta situación tensa ata o extremo a uns profesionais esgotados, que se dividen entre os que aínda ameazan con marchar do hospital e o continuo e incesante pingar de excedencias que se levan sucedendo nos últimos anos, e máis severamente desde que a última dirección tomou as rendas do hospital. Como sempre, os peores parados son os propios pacientes, para maior impotencia dos traballadores”, engaden.

“Esta precarizada situación, o Comité de Empresa convoca a Ribera Polusa a unha xuntanza urxente, pero a empresa rexeita reunirse. Non queren saber nada e miran para outro lado, mentres os traballadores desesperados tratan de quitar o traballo adiante como poden”, din.



INSIGNIA DE OURO. O catedrático de Producción Vexetal de Proxectos de Enxeñaría na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo Antonio Rigueiro Rodríguez recibiu a Insignia de Ouro da USC no marco dun emotivo acto celebrado na Casa do Saber de Lugo, no que se puxo de manifesto tanto a súa “bonhomía e xenerosidade” como o legado da seu tantas veces pioneiro labor como investigador e divulgador científico.



CON LA MÚSICA A OTRA PARTE

en septiembre inauguramos NUEVAS INSTALACIONES en Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

ABIERTO PLAZO MATRICULA CURSO 22/23

Pide información o reserva tu horario en el: 687 58 25 59

Sesiones de muestra gratuitas



MUSICAEDUCA

Para aprender música jugando a partir de los 10 meses.

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación instrumental de 5 a 8 años.

HEIKO

ESCUELA DE MÚSICA

FORMACIÓN MUSICAL

Desde 7 hasta 100 años con metodologías activas e innovadoras para todos los instrumentos, individual y colectivas.

Lenguaje musical • Armonía

Refuerzo conservatorio y preparación de prueba de acceso.

Mercar no comercio local terá premio ata o 31 de agosto

As persoas que realicen compras no comercio de Lugo do 15 de xullo ao 31 de agosto recibirán un premio a través da nova campaña de rebaixas Localmente Lucense, que pon en marcha o executivo municipal para fomentar as compras nos comercios e establecementos de proximidade da cidade. Así o avanzou a rexedora, quen subliñou que “aquelas persoas que presenten un ticket de compra superior a 10 euros participarán no sorteo de máis de 5.000 premios, entre os que se atopan bonos para voos cautivos en globo aerostático ou vales para gastar nos comercios de Lugo, entre outros agasallos”.

Lara Méndez explicou que “esta campaña enmárcase no Plan de dinamización de barrios que puxemos en marcha dende a área de Desenvolvemento Local e Empre-

go e que inclúe outras actividades como os tardeos e noiteos cos que buscamos encher de vida as prazas da cidade durante o verán”.

Para participar no sorteo de premios, os interesados deberán presentar un ticket de compra, dun importe mínimo de 10 euros, entre o 15 de xullo e o 31 de agosto, de calquera dos establecementos adheridos ao movemento Localmente Lucense. Este ticket deberá ser validado no punto fixo de atención e información que o Concello habilitou na rúa Tinería nº 36.

En total haberá 5.475 premios. 140 pasaxes dobres (para 2 persoas) de “voo cautivo” nun globo aerostático, 145 vales para consumir no comercio local adherido ao movemento Localmente Lucense, e outros premios como chapas e adhesivos do movemento.

Quince empresas interésanse polo polígono das Gándaras

15 empresas interésanse por instalarse no polígono industrial das Gándaras, en Lugo. Así o anunciou o Goberno galego logo de pechar o concurso de solo empresarial convocado por Xestur Galicia para o parque industrial lucense e o da Sionlla en Santiago de Compostela. En total, entre os dous polígonos, a entidade autonómica recibiu 23 ofertass, polo que estímase unha demanda de solo de entre 60.000 e 70.000 metros cadrados, dependendo de

se existe concorrencia de ofertas sobre as mesmas parcelas. No parque empresarial rexistráronse 15 ofertass, que poderían superar os 28.000 m². Este é o segundo concurso de venda de solo empresarial convocado por Xestur en 2022. No mesmo incluíronse unicamente as áreas industriais nas que se rexistrou concorrencia de ofertas sobre as mesmas parcelas e, polo tanto, houbo empresas demandantes ás que non se puido adjudicar solo.

Lugo Transforma logra o fondo de 12 millóns para captar inversións

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, presidiu o primeiro Comité de Investimentos da estratexia municipal Lugo Transforma, impulsada polo Concello para consolidar e captar empresas e crear emprego sostible na cidade, no que se presentaron os primeiros catro proxectos innovadores que buscan apoio económico. Tras a presentación estudárase a súa viabilidade que, de avanzar, suporía un investimento do Fondo de máis dun millón de euros e a creación de 80 novos postos de traballo. Das catro propostas, tres son de empresas instaladas en Lugo e que buscan o impulso financeiro necesario para poder crecer, e outra é unha compañía empresarial de fóra da cidade, que para entrar no fondo inversor municipal deberá asentarse no concello lucense. Todas teñen en común o seu alto nivel de innovación e investigación en desenvolvementos tecnolóxicos, neste caso vinculados á modernización e mellora do sector alimentario, gandeiro e xurídico.

As empresas presentaron os seus proxectos aos membros do Comité de Investimentos, formado polo Concello de Lugo, que mobiliza nesta estratexia 12 millóns de euros mentres as empresas que apostaron por colaborar coa iniciativa municipal de creación de emprego aportaron un millón de euros máis. A xestora de Lugo Transforma analiza xa as condicións destas catro propostas empresarias co fin de estudar a viabilidade da entrada do fondo municipal no seu accionariado, ademais de darlle apoio e asesoramento no proceso de consolidación.



Presentación do proxecto

A alcaldesa valorou moi positivamente os proxectos. “En Lugo queremos reter e atraer talento, crear riqueza apoiando ás empresas vinculadas co modelo de cidade sostible na que traballamos e dar oportunidades laborais á veciñanza, e o altísimo nivel que hoxe vimos neste primeiro Comité de Investimentos indícanos que imos polo bo camiño”, sostivo.

TRANSFORMACIÓN ECONÓMICA. Méndez avanzou, ademais, que tras o mes de agosto se volverá a convocar ao Comité para seguir analizando as propostas presentadas até agora ao fondo inversor, 37, aínda que lembrou que o fondo aterrará sobre máis de 50 empresas de alto valor engadido, tanto de pequenas como medianas así como de nova creación, con potencial de crecemento e con alta capacitación naqueles sectores que xeren, preferentemente, impacto social e ambiental.

Extrapolando resultados de experiencias similares, se agarda que produza unha creación de máis de

mil postos de traballo directos e até o triplo de empregos indirectos, xerando un investimento inducido que superará os 60 millóns de euros por parte das empresas neste tempo.

“Avanzamos nos prazos que nos marcamos para materializar esta transformación económica na cidade, máis necesaria que nunca, provocando un cambio que é sinónimo de oportunidades e que permitirá unha diversificación real que nos permita superar a dependencia que mantemos actualmente do sector servizos”, subliñou a alcaldesa.

Sae a concurso a área recreativa dos Robles

A Deputación de Lugo aprobou na Xunta de Goberno a apertura do procedemento de concorrencia pública para adjudicar a explotación da área recreativa dos Robles. Así o anunciou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto. Estas instalacións, de titularidade provincial, contan con cafetería e un salón grande, unha terraza con vistas ao río e dúas piscinas, unha delas infantil.

O prezo mensual da concesión está fixado en 550€, é dicir, 6.600€ ao ano, e será por tres anos, coa posibilidade dunha prórroga dun ano. “Faremos unha concesión demanial, o que significa que o gañador ou gañadora do concurso terá o aproveitamento privativo e temporal destes bens”, explicou García Porto.

“O presidente asinou o acordo para a concesión doutros bens de titularidade provincial, como son o restaurante Mazo de Santa Comba, en Lugo, e do Club Náutico Ponte do Sil, en Monforte de Lemos”, recordou a Deputada e destacou que “con estas concesións, non pretendemos obter unha renda económica, senón promover o uso e manter activas as instalacións para que sexan aproveitadas pola cidadanía”.

escolActiva
Centro de Ensino
MATRÍCULA ABIERTA

RESERVA TU PLAZA PARA EL PRÓXIMO CURSO
Refuerzo en infantil, primaria, ESO y Bachillerato - Plazas limitadas.
Pruebas ESA
IDIOMAS
Certifica tu nivel de inglés o italiano / Exámenes y preparación Erasmus
Pruebas DELE / Celga

¡INFORMATE!
Rúa Camiño Real 48, bajo 27004 Lugo.
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com
Instagram: [instagram.com/escolactivalugo](https://www.instagram.com/escolactivalugo) Facebook: [facebook: @escolactiva](https://www.facebook.com/escolactiva)

RAXERIA LAXA
ESPECIALISTAS EN CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO TEL: 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

Retómase a atención nos centros socioculturais das parroquias

A concellería de Benestar do Concello de Lugo retomará o servizo de información e atención nos centros socioculturais das parroquias. Unha prestación que se pretende achegar ás antigas escolas rurais de San Xoan de Campo, Calde-San Pedro, Coeses, Saa, Santa María de Bóveda, Santa Comba e Rubiás nos que se impartirán actividades de dinamización.

A área que dirixe Olga López Racamonde reservou a execución deste contrato a un centro especial de emprego de iniciativa social ou empresa de inserción cuxo procedemento de licitación foi autorizado esta mañá en Xunta de Goberno. O Executivo de Lara Méndez aposta, así, por recuperar a actividade sociocultural nos núcleos “dunha



forma permanente, logo dos condicionantes que impuxo a pandemia e que durante meses obrigou a manter pechadas as instalacións municipais do rural, fomentando ao mesmo tempo que estas entidades concorran aos procesos públicos para pular polo acceso

ao emprego das persoas con algún tipo de discapacidade”, subliñou a edil.

López Racamonde explicou que a licitación, que terá un prazo de execución dun ano prorrogable até un máximo de tres, disporá dun orzamento anual de 67.320 euros.

Continúan as obras de mellora en tres estradas da zona rural

O Concello de Lugo mellorará o firme de tres estradas municipais nas parroquias de Pedreda, Vilachá de Mera e Prógalo. Así o avanzou o tenente de alcaldesa e edil de Medio Rural, Miguel Fernández, quen subliñou que “o obxectivo destas actuacións é mellorar a seguridade e confortabilidade das vías para o uso por parte dos veciños e veciñas”.

As vías nas que se está a actuar son: a estrada municipal da N-640 (estrada de Meira) a Pedrera (parroquia de Pedrera); a estrada municipal da LU-P-2903 ao Rego do Mera, na parroquia de Vilachá de Mera; e, por último; a estrada

municipal da LU-P-2903 a Prógalo, na parroquia de Prógalo.

Nos tres casos, os traballos que se levarán a cabo inclúen a limpeza de cunetas; rehabilitación do firme con aglomerado en quente; e renovación da sinalización horizontal e vertical. Segundo informou o concelleiro, “na vía de Pedreda as obras atópanse moi avanzadas e só queda pendente a sinalización; mentres que nas estradas de Vilachá de Mera e Prógalo comezarán as tarefas esta mesma semana”.

O orzamento total destas obras, financiadas con cargo ao Plan Único 2021, é de 150.000 euros.

Cs propón un plan turístico para dinamizar as zonas rurais

O concelleiro de Cs, Juan Vidal Pardo, anunciou que o seu grupo propón crear un plan dinamizador do turismo nas zonas rurais co obxectivo de dotar a estas áreas do noso municipio do impulso necesario para alcanzar un equilibrio que impida a súa deterioración.

“Propoñemos que desde o Concello de Lugo promóvase, nas zonas rurais do noso municipio, en cooperación cos concellos limítrofes un plan de impulso turístico nas zonas rurais a través da recuperación e creación de

roteiros e visitas turísticas que promocionen e difundan o patrimonio histórico, cultural e natural da nosa contorna enfocada primordialmente a dar a coñecer esta contorna entre os veciños de Lugo como alternativa de lecer sostible e saudable”, sinalou o edil.

O obxectivo primordial desta iniciativa é aumentar o desenvolvemento, a resiliencia e a sustentabilidade do noso medio rural para que estas zonas logren frear a perda de poboación e convértanse nun espazo onde fixar nova poboación.

O PP pide o saneamento para as vivendas de Chousas Vellas

Os concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular fanse eco dunha reivindicación dos veciños de Chousas Vellas, no Carqueixo, que piden ao goberno local que cumpra coas súas funcións e obrigas e doten de saneamento as súas vivendas, xa que, aseguran, “están fartos de falsas promesas e mentiras” xa que ven como non chega este servizo tan desexado. Dende o Grupo Municipal Popular piden ao goberno local que estude “seriamente” esta petición xa que son 19 veciños os que quedan sen este “servizo básico” polo que se podería dotar deste servizo estas vivendas nun período de tempo breve

e razoable, xa que é sinxelo de poñer en marcha esta dotación para estes veciños pola súa proximidade á rede de saneamento.

“Unha vez máis vemos como este goberno local non atende as peticións dos veciños e unicamente actúan por impulsos xa que falamos dunha obra sinxela xa que as vivendas afectadas están a uns 300 metros da canalización”, explican.

PONTE EN SANTIAGO DE SAA. Os concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo piden o arranxo inmediato dunha ponte na parroquia de Santiago de Saa “xa



que cada día que pasa afúndese un pouco máis”, algo que puideron comprobar os propios concelleiros populares ao visitar a zona.

A actuación do bipartito nesta ponte roza o ridículo xa que despois de que lles trasladásemos este problema mandaron unha brigada e “botaron grava na superficie sen solucionar o problema de raíz que é que a súa estrutura sigue afundíndose”.



GEOCLIMA ST

CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION



SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

📍 Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

☎ 982 814 147 / 636 462 063 🌐 www.geoclimast.com

FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com



FLORES A
DOMICILIO



A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santalla de Bóveda de Mera

Acolle unha das xoias dos vestixios históricos, Santa Eulalia, e outros lugares de gran beleza paisaxística

Se por algo destaca Lugo é polas súas xentes que se distribúen entre barrios e parroquias dando vida a todos e cada un dos recunchos da capital. E será por recunchos.

Un dos lugares máis máxicos e misteriosos das parroquias de Lugo é Santa Eulalia de Bóveda situado a uns 14 quilómetros da cidade, no val do Mera. ste val é dunha gran riqueza arqueolóxica, pois sitúanse nel máis de media ducia de castros. O máis próximo é o de Corvazal. Tamén se deron numerosos achados de procedencia romana, como a estela de Crecente, que se atopou na parroquia de San Pedro de Mera. Ademais a Vía XIX discorría polas inmediacións do templo. Aínda que o trazado

exacto da vía nesta área está aínda en discusión, suponse paralela ao río e pasaría a uns dous quilómetros ao sur de Santalla.

Nesta parroquia atopamos campos tradicionais dedicados ao cultivo ou ao gando. Aínda que para os galegos con raíces rurais pode resultar algo habitual, sobre todo se temos nenos ou procedemos de contornas máis urbanas pode ser unha experiencia ver vacas ou tenreiros.

A contorna de Santa Eulalia, é unha aldea con construcións tradicionais, de pedra e tellados de lousa, un conxunto monumental no que arrinca un roteiro. Ademais de casas e valados, ou peches elaborados con laxes e pedra seca, esta última como



técnica construtiva está declarada Patrimonio da Humanidade, podemos ver fontes e lavadoiros tradicionais. Un dos recunchos máis belos nesta contorna fluvial do río Mera é o muíño de Cabreira, onde aínda se pode ver a maquinaria de funcionamento. Diferentes lendas existen tamén na zona vinculadas ao muíño de Cabanas, estas construcións tradicionais eran tamén lugares de reunión e na súa contorna charlábase ou se cantaban as tradicionais muiñeiras.

Tamén se atopa a Igrexa Parroquial de Santalla de Bóveda de Mera, edificio en estilo barroco galego do século XVIII, e xunto á fachada dereita da Iglesia, mirando desde a súa portada, está o cemiterio. Esta parroquia lucense é moito máis coñecida polo templo romano datado entre os séculos II e IV. Está semisoterrado a carón da actual igrexa e foi José María Penado, párroco de Santalla desde 1909, quen descubriu os restos cando facía obras de reparación na igrexa parroquial moderna, guiado por tradicións orais que falaban da existencia dun templo soterrado.

Oficialmente foi descuberto en 1926 malia que os arqueólogos non souberon dar ata agora unha explicación segura da súa orixe e finalidade. E xa en 1931 foi declarado Monumento Nacional, e en 1985 Ben de Interese Cultural. Admítiuse que se trata dun templo pagán, con diferentes teorías sobre a súa finalidade, cristianizado séculos máis tarde. Está considerado un unicum, ó non existir ningún outro edificio das mesmas características en todo o territorio ocupado polo imperio romano.



Malia o enigma que supón, o que si parece claro é que se trata dun lugar de culto vinculado ao paganismo que, nalgún momento da súa historia puido ser cristianizado.

Mestura estilos moi diferentes, dende toques exipcios, características gregas e un claro pasado romano e máis tarde engadíronse elementos visigodos e, incluso, serviu como igrexa católica.



Lugo gañará espazo para os peóns no treito final de Camiño Real

O tenente alcalde e responsable de Mobilidade, Rubén Arroxó, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, presentaron o proxecto de humanización do treito final da rúa Camiño Real, comprendido entre a rúa Concepción Arenal e a Ronda da Muralla.

“Trátase dunha proposta que levamos no noso programa no ano 2019, e que agora poñemos en marcha, avanzando na recuperación de espazos peonís na contorna da Muralla”, explicou o Tenente Alcalde, que afirmou que “este treito converterase na rúa Bispo Aguirre da zona norte da Muralla, e facilitará avanzar en futuras peonalizacións na contorna da Muralla, ao retirar vehículos desta zona”.

A nova zona peonil, que suprimirá o tránsito xeral de vehículos, mantendo o acceso ao tráfico rodado para as e os residentes, terá un mellor



acondicionamento ambiental, ao instalarse novas verdes con árbores e arbustos no novo treito. O mobiliario urbano tamén se renovará, instalando bancos con respaldo, ademais de papeleiras e fontes.

O tráfico procedente da rúa Camiño Real desviarase, percorrendo a rúa

Concepción Arenal e incorporándose de novo á Ronda da Muralla a través da rúa das Anduriñas.

A Xunta de Goberno aprobou a apertura do procedemento de licitación desta humanización, que sairá a licitación cun orzamento de 338.172€ e un prazo de execución de 6 meses.

Arroxó critica á Xunta por non reclamar melloras ferroviarias para Lugo

O voceiro do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxó, reaccionou ante as declaracións realizadas polo presidente da Xunta sobre as conexións ferroviarias de Galicia. Rubén Arroxó criticou que desde o Goberno Galego se reclamen melloras ferroviarias para a Coruña, Pontevedra, Compostela e Vigo e deixen a Lugo fóra das reclamacións.

“Lugo é a cidade peor conectada por tren de Galicia”, afirmou Rubén Arroxó, que explicou que “os Gobernos de Galiza e do estado non mostra interese en mellorar as conexións ferroviarias de Lugo”.

A Deputación asina a concesión do Mazo de Santa Comba

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou a concesión demanial da explotación do restaurante Mazo de Santa Comba, unha instalación titularidade da institución provincial. A concesión deste espazo é por dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas anuais, é dicir, un máximo de catro anos. O prezo mensual que deberá abonar o adxudicatario é de 450€, que significarán 5.400€ ao ano.

Haberá dous quioscos con aseos na praza Maior e en Santo Domingo



Lugo capital disporá proximamente de dous quioscos que contarán, ademais, con aseos públicos e gratuítos para a cidadanía. Estarán ubicados na Praza Maior e Santo Domingo.

A Xunta de Goberno autorizou o procedemento de concesión do uso privativo destes espazos para iniciar os trámites da adxudicación que se reserva a centros especiais de emprego de iniciativa social ou a empresas de inserción.

A concesión, que terá unha vixencia de 12 anos, se rexerá a través da Ordenanza (número 154) que regula as taxas pola utilización privativa da vía pública con este tipo de instalacións. Establecéndose un canon mínimo anual de 136 euros por cada m² que ocupen coas mesmas.

“Irán aloxados nos seus empra-

mentos anteriores por considerarse estes como os máis axeitados, tanto polo arraigo que tiña o servizo nestes puntos como pola súa utilidade – ao ser dúas localizacións céntricas e con moita afluencia – e pola súa conveniencia, xa que non precisa de obra nova para a súa conexión ás redes de subministración enerxética e de distribución e saneamento de augas”, referiu a rexedora.

Lara Méndez avanzou que “os quioscos poderán funcionar todos os días do ano, como mínimo dende 08.30 a 20.30 horas, agás o 24 e 25 de decembro e o 1 de xaneiro que poderán permanecer pechados, polo que agardamos que a súa próxima apertura sexa tamén unha importante oportunidade laboral para moitas persoas”.

A descatalogación do edificio de Correos, cada vez máis preto

A descatalogación e derrubamento do edificio de Correos de Lugo, na estación de ferrocarril, cada vez está máis cerca; e, con iso, tamén, a construción da Estación Intermodal da capital.

Así o confirmou o Goberno autonómico, tras remitir ao Concello de Lugo o seu informe favorable definitivo que posibilita a descatalogación do edificio da sociedade postal. O delegado territorial, Javier Arias, explicou que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo enviou o documento que expresa a súa conformidade así como a de todos os informes sectoriais autonómicos recompilados durante o proceso.

Arias destacou a axilidade coa que o Goberno galego tramitou a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM) para excluír do inventario de inmobles catalogados este edificio; ao respecto,



cómpre lembrar que se trata dunha construción posterior a 1977, ano no que foi publicada a obra, mentres que a contigua estación de ferrocarril data de finais do século XIX e conserva o nivel de protección debido ao seu valor cultural.

Na mesma liña, sinalou que a Xunta se ofreceu a participar con 10,5 millóns de euros no financiamento do conxunto da intermodal, o que representa un 40% máis do que lle correspondería para financiar a nova terminal de autobuses, cun orzamento de 7,3 millóns de euros.



PRAZA DA LIBERDADE. Renovada a praza da Liberdade de Lugo na que se instalou unha nova acometida á toma de auga para a rega, e procedeuse a limpeza das fachadas de edificios lindeiros e medianeiras, principalmente daqueles máis deteriorados ou que teñen sido obxecto de actos vandálicos. A intervención tamén contemplou a realización dun grafiti.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L
NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.

Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

Colectivos denuncian irregularidades na obra do Carril das Flores

Os colectivos que conforman o Foro do Camiño Primitivo denuncian, de novo, diante do Concello, en dous escritos presentados no pasado mes de xuño, aos que non obtiveron resposta, “graves irregularidades” que afectan ás obras que se están a realizar no Camiño Primitivo, na esquina entre as rúas San Roque e Carril das Flores, solicitando a súa inmediata paralización. Estas obras, segundo denuncian os colectivos, estanse a realizar actualmente fóra do prazo concedido ao efecto, sen reunir os requisitos e garantías necesarias para salvaguardar o patrimonio arqueolóxico que se puidera ver afectado, e vindo definidas nuns documentos oficiais, como o PEPRI, “os cales incumpren a normativa de accesibilidade”.

Solicitan que se adopten as medidas pertinentes para salvaguardar os restos arqueolóxicos merecentes de protección, requirindo a inescusable inspección e supervisión das obras por parte dos arqueólogos municipais.

A maiores, denuncian os colectivos que as obras en execución levan máis de tres meses ocupando par-



cialmente a vía pública sen contar cos preceptivos carteis, requiridos polas ordenanzas municipais e pola normativa urbanística.

“E por todo isto, tendo expirado o prazo de execución das obras e advertíndose que a urbanización proposta traería como consecuencia un incumprimento grave da normativa de accesibilidade no tramo afectado do Camiño Primitivo e a imposibilidade posterior de recibir tales obras por parte do Concello, foi polo que se solicitou á máxima autoridade municipal a paralización inmediata de ditas obras en tanto non se emenden as deficiencias detectadas e se garanta o mantemento das actuais condicións de accesibilidade no dito tramo”.

Desacordo entre Concello e Xunta pola nova proposta da praia fluvial

A nova localización da praia fluvial de Lugo persiste nos problemas de seguridade e de afectación a especies protexidas, polo que o Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda informou desfavorablemente a este novo emprazamento. Así se recolle no informe deste servizo que remitiu á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

O novo emprazamento, 40 metros augas arriba do primeiro lugar escollido e cara ao centro do río, causaría danos ás colonias e ao hábitat dos dous tipos de mexillón incluídos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. De feito, o informe aclara que este enclave segue sendo unha área de alto valor ecolóxico para o mexillón de río. A este aspecto se suma o feito de que este tipo de piscinas flotantes poden ser problemáticas en augas con correntes abundantes, con variacións de calado, de caudais e de velocidade das augas, cuestións que tampouco neste enclave garanten a seguridade dos usuarios.

O informe insiste en que non se tiveron en conta as recomendacións de Patrimonio Natural de buscar para estas instalacións un lugar con alta profundidade, baixa velocidade da auga e pouca presenza de mexillóns de fondo, motivos polos



que informan desfavorablemente ao novo emprazamento, aínda que ofrecen a súa colaboración para supervisar enclaves alternativos co obxectivo de axilizar o proxecto.

“A Xunta de Galicia négalle aos e ás lucenses o dereito a gozar dunha zona de baño pública no Miño”. Con esa rotundidade se expresaba hoxe o tenente de alcaldesa e voceiro municipal, Miguel Fernández ao respecto do informe desfavorable sobre o cambio, non substancial, de ubicación da estrutura flotante, uns 40 metros augas arriba.

“A resolución é clarísima. Pretende coartar non só neste 2022, senón, de súbito, os 25 anos de concesión que temos autorizados, tratando de deslexitimar o permiso que se nos outorgou, negándonos a posibilidade de avaliar, cada exercicio, cal é a

situación do río para determinar se, cada verán – pero un a un – resulta procedente ou non colocar as piscinas”, afirmou o portavoz.

Debido a isto, o Concello de Lugo presentará ante a Confederación Hidrográfica un informe para clarificar, con datos e medicións, as obxeccións nas que a Xunta de Galicia se baseou para negar a posibilidade de instalar as piscinas fluviais na segunda proposta de ubicación que plantexou para poder abrilas este mesmo verán.

O PP insiste en que, unha vez máis, os únicos prexudicados por este desgobierno son os lucenses “primeiro porque non poderán ter praia municipal no Miño outro verán máis e, en segundo lugar, porque ven como se malgastan o diñeiro público nunha dotación que nunca chega”.

O Concello renovará tres viais nos polígonos da cidade

O Concello de Lugo investirá máis de 300.000 euros na renovación de tres rúas dos polígonos do Ceao e das Gándaras. Así, executará a renovación do asfalto da rúa A do polígono das Gándaras, o acceso principal ás Gándaras desde a Rolda Norte, e que a diario acolle unha gran carga de tráfico, entre o que se atopa un importante número de vehículos pesados. Renovarase o firme deste treito con asfalto en quente, ademais de instalarse nova sinalización horizontal. O proxecto aprobado sairá a licitación cun orzamento base de 95.890,30 euros.

No polígono do Ceao, reurbanizaranse as rúas da Inspección e o treito inicial da rúa da Agricultura, nun proxecto que sairá a licitación cun orzamento máximo de 225.615,18 euros. Os traballos consistirán na renovación do asfalto e dos accesos ás naves con asfalto en quente, ademais das beirarrúas.

Ademais, instalarase unha nova canalización de auga e renovarase a recollida de augas pluviais.



CASAS VELLAS E ALACANTE. Ademais, vense de renovar o asfalto da rúa Casas Vellas, na zona de Paradai cunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Renovouse tamén a sinalización horizontal da zona e adaptáronse as distintas tapas de rodadura.

Ademais, renovarase a praza de Ali-

cante, no barrio da Milagrosa.

A solución consiste na renovación integral do pavimento, creando dúas zonas diferenciadas para o tránsito peonil e o dos vehículos, mantendo as zonas de estacionamento. Ademais, renovarase o mobiliario urbano, ampliando o total de bancos instalados na zona, e cunha nova disposición que permitirá unha maior comodidade á veciñanza, e instalaranse novas papeleiras e xardineiras. Tamén sen cambiarán as luminariaspor as de LED.

Iníciase o procedemento de derrube do Garañón

O compromiso da alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, de converter o espazo onde se levanta o Garañón nunha zona verde na súa totalidade da un novo paso coa aprobación do proceso de licitación para derrubar de forma inminente o edificio, “derrube que, tal e como prometemos, desenvolverase neste mandato”, sostivo a rexedora.

O procedemento de demolición, que se acometerá por execución subsidiaria, discorre de xeito simultáneo ao prazo de dous meses que a Administración local lle concedeu á propiedade para que se faga cargo dos traballos, “co fin de que, esgotado ese tempo sen ningunha xestión realizada pola súa parte ao respecto, o Concello poida ter avanzada xa a tramitación necesaria para eliminar a construción”, avanzou Lara Méndez.

Lara Méndez apuntou que, tendo en conta o carácter excepcional e complexo do expediente e que o derrube se pode realizar por diferentes métodos – manual, mecáni-

co, combinado, ou incluso voadura controlada -, o Executivo entendeu conveniente licitar a obra a través dun contrato mixto, descartando outras posibilidades como o concurso de proxectos, para diminuír o custo da operación, favorecendo, alén, a libre concorrència. Por iso, a empresa debe redactar e executar o proxecto. O prazo de entrega do proxecto será de dous meses e o de materialización da demolición, de 8 meses, que comezarán a contar dende a data na que se asine a acta de replanteo.

A superficie onde actuará será de 18.662 m² e o valor estimado da licitación ascende a 965.000 euros (cuxa consignación orzamentaria xa está habilitada), unha cantidade que foi determinada en base ás consultas realizadas a diferentes empresas especializadas en grandes demolicións.

De xeito paralelo a este proceso, o Concello segue a traballar na modificación puntual do PXOM nese espazo.

O Concello proxecta o primeiro coliving artístico municipal

A Xunta de Goberno do Concello outorgou á empresa Sergonsa Servicios a execución do primeiro coliving artístico municipal de España.

O proxecto inclúe a rehabilitación da que fora a vivenda do pintor e escultor Gómez Pacios -situada ao pé do Camiño Primitivo- e a creación dunha nova edificación que será área expositiva, así como a recuperación de 3.000 m² de infraestruturas verdes ao seu carón que se habilitarán como zona cultural aberta a toda a cidadanía e que contará con programación propia.

A intervención, que suporá un investimento de 490.978 euros contempla a reforma da construción existente, que disporá de tres habitacións e doutros espazos comúns e áreas de traballo e talleres. "Farase de xeito respectuoso co inmovible, conservando os muros e todos os elementos



existentes de valor, como o muíño contiguo, actuando só onde se detecten danos ou eivas de habitabilidade", relatou a rexedora.

Méndez indicou que o equipamento cultural ampliarase cun novo edificio independente, "que será de madeira e cristal para incrementar a sensación de lixeireza e evitar que resulte invasivo na paisaxe que, á súa vez,

actuará como escenario de concertos, teatro e mostra do labor dos e das artistas residentes".

En canto aos espazos verdes, o seu deseño dará resposta aos desniveis existentes desde a Rolda do Carme á casa para que sexa accesible, polo que se estruturará en bancais creando distintos ambientes onde desenvolver actividades.

Instalan bancos intelixentes con wifi e información ambiental

A cidade contará con bancos intelixentes dotados con punto de acceso wifi gratuito e sensores que proporcionan información sobre a calidade ambiental, ofrecendo, ao mesmo tempo, a posibilidade de recargar bicicletas eléctricas, así como diferentes dispositivos como teléfonos ou tablets.

Este novo mobiliario estará situado no marco da nova senda verde ciclista de Lugo. Tras finalizar a instalación, configuraranse para que poidan entrar en funcionamento.

O seu uso será moi doado e intuitivo e contarán, ademais, cunhas instrucións accesibles a través dun código QR en varios idiomas. Os bancos dispoñen así mesmo dun aparcabici por cada lateral.

Nestes momentos, xa se atopan instalados catro bancos, diante do instituto Leiras Pulpeiro, na rúa Orquídea; fronte ao Mercadona da Fonte dos Ranchos; na beira-

rrúa dereita da Rolda do Carmen (en sentido Fonte dos Ranchos); á altura do cruce do Camiño Primitivo (onde se sitúa o paso de peóns intelixente); e na parte alta da rúa Santiago, preto da Rolda da Muralla. Máis adiante, instalarase un quinto no Paseo do Miño, na zona próxima á ponte romana.

Os bancos, dotados con paneis solares, contan con sensores de temperatura, humidade e presión; luz ambiental LED; portos de recarga de dispositivos electrónicos, a través de cable e tamén de forma inalámbrica, entre outras. Ademais, disporán dun compresor de aire, para o inflado de rodas, e un kit básico de ferramentas para o arranxo de bicicletas.

Esta iniciativa enmárcase na estratexia DUSI Muramiñae, cofinanciada ao 80% polo Feder, cuxo obxectivo é mellorar as conexións entre a cidade e o Miño.

Acondicionan a ponte da estación, unha das entradas á cidade

O Concello acometeu o acondicionamento e repintado da ponte sobre a estación do tren co obxectivo de mellorar o seu estado e ornato, atendendo, ao mesmo tempo, a unha vella reclamación da veciñanza da zona.

O tenente de alcaldesa e concelleiro da área de Medio Ambiente, Miguel Fernández, explicou que as tarefas, que comezaron xa o sábado para ocasionar as menores molestias posibles á poboación, incluíron o lavado de paramentos horizontais e verticais con máquina de auga a presión, a limpeza das varandas, así como o raspado manual das zonas nas que existen pasos inferiores de vehículos ou persoas, a reparación dos enfoscados, a aplicación dunha imprimación e o seu repintado.

"A nosa vontade é mellorar, así, un lugar de entrada á cidade que

Planas visita un Laboratorio de Sanidade Vexetal renovado

O Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, viusitou ás instalacións do Laboratorio Nacional de Sanidade Vexetal. Unhas instalacións que veñen de ser renovadas para converterse nunha infraestrutura de primeiro nivel e acadar estándares elevados no control da produción agraria.

O mandatario provincial agradeceu a visita do Ministro e puxo en valor o seu compromiso co sector primario, "que é fundamental para a economía, para o emprego, pero tamén para preservar a identidade cultural da nosa provincia". Puxo o foco no interese mostrado por Planas por coñecer de preto a situación do sector lucense e recoñeceu os avances no laboratorio que o Goberno vén de executar no marco da súa vontade por descentralizar a administración.

Este laboratorio completa a rede estratéxica de laboratorios veterinarios e de sanidade animal dependentes do Ministerio para reforzar a seguridade alimentaria. O Ministro destacou que é un centro en crecemento de alto nivel que reforza a seguridade das producións nacionais e, entre outros aspectos, permitir que se poida seguir exportando produtos agroalimentarios por valor de 62.000 millóns de euros, como aconteceu o ano pasado. Agora mesmo traballan nel 19 persoas, pero avanzou Planas que está en crecemento.

O presidente da Deputación recoñeceu o apoio decidido do Goberno de España á actividade agrogandeira e do mar, con axudas para paliar o impacto da guerra aos sectores lácteo, cárnico e pesqueiro.



esixía de coidados para que redundasen na súa conservación e imaxe, ao tratarse dun enclave que acolle moito tránsito propio pero tamén de residentes noutros puntos próximos que empregan este itinerario para chegar aos centros educativos e de saúde sitos nesta parte da capital", sinalou o concelleiro.

Miguel Fernández destacou, igual-

mente, que os traballos, que tiveron un custo de 5.000 €, dan continuidade aos xa realizados nas inmediacións para incrementar as prestacións do estacionamento contiguo onde se colocaron topes e se restaurou o peche perimetral de madeira en prol dunha maior seguridade tanto para as persoas usuarias do recinto como para as e os viandantes.

Comezan a pavimentación de Bal y Gay

Comezaron a executarse os traballos de reurbanización da rúa Bal y Gay. "Trátase dunha rúa que conta cunha pavimentación de formigón moi desgastada, e con beirarrúas insuficientes, que non permiten garantir a accesibilidade", explicou Rubén Arroxo. O Goberno de Lugo intervirá no espazo peonil e na calzada, e renovará tamén a canalización de alumeado e a rede de alumeado da zona, ins-

talando novas luminarias LED, o que permitirá avanzar na renovación da rede de alumeado público da cidade con perspectiva de xénero e reducindo o consumo total da rede.

Renovarase a pavimentación da rúa, instalando un novo pavimento baseado en mestura bituminosa en quente, e garantindo tanto o espazo peonil como o espazo de estacionamento. A nova distribución da rúa

contará cun carril de circulación, un carril de estacionamento e unha beirarrúa ampla. Para garantir a seguridade das zonas peonil, separarase da calzada habilitando unha nova franxa axardinada.

A actuación foi adxudicada a Ovisa, e suporá un investimento de 181.094,65€. Os traballos executaranse durante os vindeiros de 5 meses.



LUCUS

TELECOMUNICACIONES

ASESORES DE TELEFONÍA

VENTA DE MÓVILES Y ACCESORIOS

MÁSMÓVIL pepephone DIGI finetwork Jozzele

simyo M Movistar LLAMAYÁ* Lowi

LAMAS DE PRADO, 75 • 982 096 295

LUCUSTELECOMUNICACIONES@GMAIL.COM

LUCUS-TELECOMUNICACIONES.NEGOCIO.SITE

A federación veciñal esixe o arranxo dos pasos de peóns



A Federación de Veciños Lucus Augusti retoma a campaña Aquí houbo un paso de peóns diante do que tildan “inoperancia” dos titulares das concellerías responsables do arranxo e pintado das vías municipais no Concello de Lugo.

Así, o colectivo veciñal diríxese, de novo, aos titulares das concellerías de Vías e Obras e de Mobilidade, nominativamente, logo de non obter resposta a peticións anteriores ao respecto, a última do pasado mes de xuño. “Fai un mes dirixímonos aos representantes destass concellerías para informarlles, xa que parece que o descoñecen, do lamentable estado de multitude de paos de póns ao longo e ancho da cidade de Lugo, borrados, mal sinalizados e supoñendo un auténtico e gravísimo risco para a seguridade viaria de milleiros de persoas”.

En total, o colectivo veciñal acompaña as súas peticións con ata 60 imáxenes de distintos pasos de peóns da cidade par denunciar o “lamentable estado, imaxe e, especialmente, o risco

innegable que supón”. A federación de asociacións veciñais considera que o Goberno local está a facer “caso omiso” a estas peticións e que esta actuación, supón “unha auténtica deixación de funcións”.

GOBERNO LOCAL. O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, lembrou que o Goberno realizou nos últimos anos un importante esforzo para renovar a sinalización horizontal en toda a zona urbana. Alexandre Penas explicou que “desde o 2019 investimos máis dun millón de euros na renovación das marcas vias de toda a cidade, un investimento que permitiu actuar en máis de 260 rúas de todas as zonas de Lugo”.

“Toda a sinalización horizontal que se está a pintar está adaptada aos cambios realizados na ordenanza de circulación, destinados a evitar resbalóns aos peóns e aos vehículos de dúas rodas. Nos pasos de peóns regulados por semáforo só se pintan os límites, deixando a zona interior descuberta para evitar resbalóns.

Veciños de Casás reclaman ao concello mellor iluminación

A Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti, xunto a Asociación Veciñal Oliveira Casás, veñen de dirixirse ao Concello de Lugo para solicitarlle a remodelación “urxente” do alumeadado público dunha parte do barrio lucense de Casás.

Os colectivos diríxense aos delegados de vías e obras e de mobilidade, do Concello, chamando a atención sobre catro rúas, de xeito especial, Mestre Méndez, Filgueiro, Flor de Lis e Oliveira. Asemade, fanse eco e trasladan ao Executivo local, a “necesidade evidente” de que sea acometida “con carácter prioritario” a remodelación do alumeadado público dunha parte do barrio.

Neste senso, os dous colectivos solicitan aos titulares das concellerías a dotación do maior número

de puntos de luz ao longo de todo o barrio lucense de Casás. Piden tamén a adecuación da disposición das mencionadas luminarias ás necesidades de cada zona, “a efecto de evitar calquera incidente ocasionado pola falta de iluminación” así como a substitución das luminarias actuais por outras, máis modernas, de maior potencia lumínica e menor custe económico, “ademais de máis respectuosas co Medio Ambiente, ao ser menos contaminantes”. Asemade, dende a asociación veciñal Oliveira Casás reivindicando o dereito dos veciños deste barrio, “ao igual que o de todos e cada un dos demais barrios e parroquias ao longo da provincia lucenses”. Agardan, dende ambas entidades, “resposta e actuación”, en consecuencia ao solicitado.

Cs esixe solución para o tapón de Rof Codina e a mellora do barrio

A voceira de Cs Lugo, Olga Louzao, instou ao Goberno local a solucionar o estreitamento á altura do número 41 da rúa Rof Codina para “emendar a falla de seguridade viaria neste punto crítico”.

Neste mesmo senso, Louzao pediu á área de Medio Ambiente que arranxe o peche perimetral da pista deportiva da praza de San Xoán que conta cunha portaría rota, o que supón un “risco grave e real” para os usuarios por posible abatimento. Así mesmo, pide que se renoven os xogos na praza das Illas, moi deteriorados e que se acometan melloras no peche perimetral do parque infantil e se substitúa o pavimento do mesmo, “que se atopa nunha situación de deterioro irreversible”.

Alerta de que o barrio debe ser actualizado para evitar un retroceso na calidade de vida. “Desde este grupo puidemos comprobar en reiteradas ocasións o estado de abandono no



que se atopa Montirón”.

“Ao problema do firme en numerosas rúas, sumase o tapón á altura do número 41 da rúa Rof Codina en sentido á praza de San Xoán”, sinalou a concelleira da formación laranxa.

“É necesario rexenerar este barrio emblemático da cidade para frear a perda de poboación e asegurar a supervivencia da zona. As novas familias que se instaloron na zona teñen

un perfil de idade diferente, existe un incipiente relevo xeracional e é necesario potencialo actualizando os equipamentos para os nenos e mocidade desde o punto de vista da seguridade. Existen buratos no chan nas zonas verdes que entrañan un risco, os parques infantís están moi deteriorados e os parques infantís presentan moitísimas carencias” asegurou.

Promoven a creación dun parque en homenaxe ás vítimas da covid

O obxectivo de poñer en valor a zona do Carme, o Concello bararlla a opción de incrementar as zonas verdes e de lecer para a cidadanía, cun parque en homenaxe ás vítimas da covid-19, “así como a todo o persoal que loitou en primeira liña e segue loitando contra a pandemia”.

O parque situarase nun conxunto de catro parcelas municipais unidas, situadas entre a Rolda do Carme e o Regueiro dos Hortos, que suman unha superficie total de 698 m². “Queremos continuar creando infraestruturas verdes na cidade e

poñendo en valor este barrio emblemático da cidade, dotando de espazos de disfrute e descanso para a poboación na liña do modelo de cidade no que estamos a traballar, dende o pasado mandato, e que obedece á segunda gran transformación do municipio”, explicou Lara Méndez.

A rexedora explicou que “de forma complementaria, e non menos importante, preténdese solucionar un problema de accesibilidade existente desde o Regueiro dos Hortos ata a Rolda do Carme –onde actualmente

existen unhas escaleiras recentemente restauradas–”.


A obra do parque incluírá a creación de camiños, plantación de céspede e especies autóctonas, así como a instalación de novo lumeado e de mobiliario urbano. A finalidade é crear un espazo íntimo, laberíntico á vez que integrado na paisaxe, ao tempo que se ofrece unha solución ás condicións orográficas da zona, mediante un itinerario practicable para os usuarios da Vía XIX que non poidan salvar a escalinata que dá acceso á Rolda do Carme.

As oficinas do Concello adáptanse para persoas con perda auditiva

O edificio administrativo do Seminario dispón xa dun novo sistema intelixente Smart que mellorará a accesibilidade das persoas xordas e con perda auditiva.

Trátase dun mecanismo baseado na intelixencia artificial mediante o recoñecemento de sons que foi implantado na planta baixa e no segundo andar do inmoible onde se sitúan os departamentos con servizo de atención ao público.

O proxecto, enmarcado na estratexia Dusi Muramiñae e impulsado dende área de Benestar, supuxo a colocación de dous dispositivos que



recollerán as alertas sonoras -como por exemplo, alarmas de incendio, saltos de quenda, timbres, etc – e as amosarán en forma de notificacións visuais e sensoriais a través

das luces interiores, así como nos terminais smart das persoas usuarias (smartphones, tablets, smart-watch...) mediante a app Visualfy, de descarga gratuíta.

Para trasladar estes avisos dunha forma gráfica foron instaladas catro lámpadas de sinalética, distribuídas en corredores e salas de espera, que funcionan como luces de emerxencia nas que se sucedrán as indicacións, acompañada cada unha delas dun cartel coas lendas, o código de cores dos avisos e as indicacións para as persoas usuarias sobre como subscribirse.

A Deputación remata a obra de ampliación de Infanta Elena

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, comprobaron hoxe o resultado das obras para o desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, que xa están completamente rematadas e a disposición da veciñanza.

Desta forma, o mandatario provincial e a rexedora cumpren co compromiso que fixeron o pasado setembro, cando comezaron as actuacións, de ter en servizo a renovación da vía este verán.

Durante a visita, José Tomé destacou que a actuación transformou a principal vía de entrada e saída da cidade de Lugo na súa parte norte, onde se concentra ademais unha gran actividade comercial e que comunica coa zona industrial do Ceao. “Houbo unha transformación estética que é evidente, pero, sobre todo, conseguimos que os condutores, os ciclistas e os viandantes circulen con máis seguridade e con máis comodidade por esta avenida. Conseguimos,



en definitiva, unha mellora moi relevante en canto á mobilidade”, destacou o mandatario provincial. Este proxecto, promovido polo Concello de Lugo e financiado integramente pola Deputación de Lugo, permitiu que o treito da Avenida Infanta Elena que vai dende o enlace coa Ronda Norte á glorieta 25-N teña entre dous e tres carrís de circulación por cada sentido, unha rotonda á altura de Paulo Fabio Máximo, carrís bici, beirarrúas, iluminación LED, mobiliario urbano

e arboredo en todo o percorrido, mellorando a seguridade e comodidade de condutores e peóns, así como a fluidez do tráfico.

O Presidente da Deputación e Alcaldesa de Lugo estiveron acompañados polo Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, pola Deputada e Concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Ana González Abelleira e polo Concelleiro de Medio Rural e Medio Ambiente, Miguel Fernández Méndez.

O Concello de Lugo impulsa a creación de Mass Madera

O Concello de Lugo é unha das tres Administracións locais que impulsan a creación de Mass Madera, unha plataforma integrada por laboratorios, gabinetes de arquitectura, empresas forestais, de enxeñaría e montaxe, industrias especializadas e tamén promotores, Star Ups e organizacións públicas que nace coa vontade de tecer redes colaborativas que axuden a acelerar o uso deste material como solución á redución de emisións asociadas co sector da edificación. Un aspecto no que a Institución que preside Lara Méndez é xa todo un referente a nivel nacional e internacional.

A Rede Española de Edificación con Madeira Maciza Industrializada se presentará este venres contando coa participación da alcaldesa que relatará, durante a xornada, o modelo construtivo que seguiu o Impulso Verde e o proxecto do Barrio Multicolóxico previsto na Garaballa.

Así, a rede ten como obxectivo coordinar e fomentar o intercambio de coñecemento, a divulgación e a posta en valor dunha axenda en común, creando até 15 iniciativas catalizadoras que fomenten a utilización da madeira maciza industrializada como unha das poucas alternativas ecolóxicas capaces de contrarrestar o contexto de emerxencia climática actual.

Abre a nova pasarela peonil de San Roque



O tenente de alcalde visitou a zona onde se fixo a pasarela

O tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas do Concello, Rubén Arroso, informou da apertura da pasarela peonil do Centro de Saúde de San Roque. O tenente alcalde explicou que “despois do remate dos traballos e dos trámites administrativos, abrimos esta nova infraestrutura á veciñanza”, e engadiu “a partir de hoxe as veciñas e veciños de Lugo contan con esta infraestrutura, que soluciona os problemas de accesibilidade do Centro de Saúde”.

A pasarela construída polo Goberno de Lugo une o comenzo da rampa que da acceso ao centro médico coa parte alta da escalina

Primavera, pasando por riba da entrada do carril do xuízo, segundo o estipulado na normativa vixentes sobre accesibilidade e permitindo o paso de vehículos pola parte inferior.

Isto permite conectar este centro de Saúde coa Rolda de Fontiñas sen ter que subir as costas, aproveitando o ascensor de Fontiñas. No muro inferior, o Goberno de Lugo contou co viñetista Luís Davila para a elaboración dun mural.

A pasarela conta cun gálibo de máis de 4 metros, permitindo a circulación de vehículos pola súa parte inferior, e ten unha lonxitude de 34,68 metros.

Conta atrás para a musealización da galería que atravesa a Muralla



A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a rematar os traballos de musealización da galería que atravesa a Muralla romana preto do Cubo VI, nas inmediacións da porta do Bispo Odoario, e outros elementos, como unha balsa rectangular que discorre paralela ao monumento. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou os traballos, que se prevé completar no prazo dun mes. O investimento total alcanza os 78.780 euros -68.350 da obra máis os orzamentos da dirección de obra e a redacción do proxecto-.

Arias explicou que se están instalando as varandas e paneis expositivos así como a iluminación, e proximamente acondicionarse o xardín exterior, onde se realizaron escavacións para afondar no estudo das canalizacións.

Mantense a hipótese de que o

conxunto formara parte dunhas instalacións máis amplas dedicadas á produción de curtidos, aínda que para coñecer a interpretación dos restos cómpre esperar á que rematen as intervencións e se completen os estudos derivados das mesmas. As novas escavacións confirman canalizacións do século XVI -aínda que se cre que puideron existir construcións previas- que posteriormente se reaproveitaron e estenderon á hora de planificar a rede de saneamento da cidade.

A intervención serviu para ampliar a comprensión da cidade durante as épocas alto imperial e baixo imperial, as diferentes infraestruturas e conexións que existían en cada momento, como a rúa ou intervallum xunto á Muralla, a evolución histórica durante a época medieval e moderna ou o plano hidráulico da cidade romana.

O Goberno de Lugo dá o visto e prace á contratación da peonalización de Gallego Tato

A Xunta de Goberno aprobou a contratación da peonalización da rúa Gallego Tato, no barrio da Piringalla, avanzando nas actuacións nas contornas escolares. O tenente alcalde afirmou que “hai dous anos e medio comezamos a executar actuacións de calmado de tráfico nas contornas dos centros escolares, e agora continuamos coa mellora das zonas escolares cun novo plan de humanización que comezará no colexio Luís Pimentel”.

O Goberno de Lugo adxudicou os traballos cun orzamento de 235.950€, e un prazo de execución de 4 meses á empresa Portosar. Con esta actuación crearase unha nova zona de estancia, onde se instalarán bancos,

mesas e fontes, xunto con árbores e arbustos, que xerará un ambiente máis saudable e con zonas de sombra no verán.

O proxecto de obra define a nova zona como oasis no tecido urbano, dado que propón a implantación de material vexetal como elemento acondicionador da nova zona, co obxectivo de mellorar a calidade ambiental na contorna do colexio.

Arroso destacou que “este é o centro de ensino que conta con máis estudantes na cidade, e está situado nunha zona na que conflúen centros de ensino, instalacións deportivas e un centro social, polo que se fai necesario contar cun espazo humanizado para o desfrute da veciñanza”.

DEPUTACIÓN

O Goberno da Deputación fai balance dos tres anos de mandato

“Recuperamos a normalidade para a institución, en canto á imaxe e o funcionamento, cunha fórmula que ten tres elementos básicos: temos un proxecto ben definido, que responde ás necesidades e aproveita as potencialidades da provincia de Lugo; levamos un ritmo de xestión e de execución constante e moi elevado; e traballamos, todos os días, para sacar adiante unha política de feitos que mellore a vida dos veciños e veciñas de todos os concellos”. Así explicou o balance dos tres anos de mandato do Goberno provincial a voceira socialista do Executivo, Pilar García Porto.

A deputada incidiu en que o Goberno vén desenvolvendo dende o ano 2019 “un proxecto claro” definido polo presidente, José Tomé Roca, que xira en torno a catro liñas de actuación prioritarias: as políticas sociais, que concentran máis dun terzo do Orzamento total da Deputación,

“por convencemento, pero tamén porque nos vemos na obriga de suplir a ausencia da Xunta de Galicia en moitos ámbitos, como pode ser o da atención ós nosos maiores”; a cooperación cos concellos, “que é a auténtica razón de ser desta institución, cooperar cos 67 concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos ós seus veciños e veciñas; o apoio aos sectores produtivos, “nomeadamente ao sector primario, que é fundamental para a provincia de Lugo, e o turístico, cun tremendo potencial para impulsar o desenvolvemento do noso rural”, e a mobilidade, “un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación, dinamizar a economía e o emprego, e, polo tanto, para facer competitivo un territorio”.

Este proxecto de provincia, “claro, ben definido e argumentado”, sae adiante grazas “ao compromiso e a capacidade do equipo de goberno e,

por suposto, contando co gran traballo de todo o persoal da institución, na que temos equipos profesionais cualificados, competentes e comprometidos co servizo público”, subliñou a voceira socialista.

De feito, recalcou, “ter claras as prioridades permitiunos reaccionar mellor ante situacións adversas como as que provocou a pandemia da Covid-19”. A modo de exemplos, lembrou que, “ao ter en marcha o sistema do Plan Único, foi máis doado poñer a disposición dos concellos recursos económicos para axudarlles a afrontar os gastos extra que supuxo a Covid; o noso modelo de residencias –público, centrado nas persoas e de pequenos centros- foi determinante para que a incidencia da enfermidade entre os nosos usuarios e usuarias fose mínima; e, como xa facíamos antes da pandemia, escoitamos e colaboramos cos sectores produtivos para sacar



adiante medidas que aliviase e que lles axudasen a amortiguar o impacto da crise”.

O GOBERNO DO ESTADO. Así mesmo, a deputada subliñou que neste tempo “sentimos que o Goberno do Estado volveu a apostar polas políticas sociais que benefician directamente ós lucenses, como foi, entre moitas outras medidas, a vinculación da subida das pensións ao IPC, e que volveu a situar á nosa provincia no mapa das infraestruturas do país, subindo o investimento e desblo-

queando proxectos paralizados durante os anos de Rajoy en Madrid”. Sen embargo, e “lamentablemente”, asegurou a deputada, nestes tres anos de mandato “sufrimos a falta de ideas da oposición nesta institución, e a inacción e o castigo da Xunta á nosa provincia”.

Pilar García Porto afirmou que o PP “carece dun proxecto para a provincia de Lugo” e “fai un seguidismo das directrices da Xunta que o limitou a unha postura pasiva, sumisa e afastada da realidade e das necesidades dos nosos veciños e veciñas”.

Levarán actuacións de bandas e corais por toda a provincia

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha Tradigalu, un programa de promoción e difusión da música tradicional e popular que espallará máis de 150 de grupos tradicionais, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A vicepresidenta da Deputación Maite Ferreiro explicou que con esta iniciativa mantemos o apoio a estas agrupacións musicais que, ademais de conservar e difundir a música tradicional cos seus repertorios e actuacións, desenvolven unha importante labor formativa impartindo clases de música e de baile e dinamizando as parroquias e concellos”.

O programa conta cun orzamento de 150.000 euros e mantén os obxectivos do Musiqueando, adaptándose á actualización da interpretación da normativa sobre subvencións. Así, ademais de xenerar unha actividade que repercute economicamente nas agrupacións musicais, a área de Cultura complementará as programacións que ofrecen asociacións, concellos e demais axentes culturais. Maite Ferreiro solicitou a colaboración das asociacións culturais para poder achegar a tradición musical a todo o territorio, poñendo a súa disposición o enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal

Fondos europeos de apoio gratuíto ás pemes

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de medio millón de euros que conseguiu captar de fondos europeos para desenvolver o proxecto Acelera pemes, unha iniciativa destinada a fortalecer o tecido empresarial da provincia, sobre todo do rural. Así o informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que explicou que grazas a este investimento, a Deputación ofrecerá apoio e asesoramento gratuíto ás pequenas e medianas empresas en materia de transformación dixital.

García Porto anunciou que a entidade pública empresarial Red.es, dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, comunicou a súa decisión de conceder á Deputación a totalidade dos fondos que lle solicitara no mes de febreiro para sacar adiante este proxecto. Unha axuda que ascende a 400.000€ e que a Deputación complementará con outros 100.000€ para poder desenvolver este programa.

Asegurou Pilar García Porto que o asesoramento ás pemes “será totalmente gratuíto para as empresas, e será personalizado, é di-



cir, adaptarse ás características e necesidades de cada negocio para que, desta forma, lles sexa realmente útil”.

Este proxecto contempla unha oficina de asesoramento que terá unha sede física nas dependencias da Deputación; unha sede virtual e, a maiores, terá presenza en todo o territorio a través dunha rede de cinco oficinas móbiles: na Mariña, na Chaira, na zona centro, na Montaña e na Zona Sur para ofrecer unha atención próxima e eficaz.

O programa desenvolverase en 3 fases: a primeira será de difusión do proxecto, para chegar ao máximo número posible de empresas; outra para implantar a rede de aceleradoras; e unha terceira fase para xestionar o servizo.

O prezo da auga e a atención primaria, temas do último Pleno

A Deputación insta á Xunta a garantir que a entrada en vigor da Lei de Mellora Integral do Ciclo da Auga, aprobada o pasado mes de xuño no Parlamento en solitario polo Partido Popular, non se traducirá nun incremento do prezo que pagan os fogares lucenses e galegos por un servizo básico. Así se acordou no Pleno ordinario da Corporación Provincial do mes de xullo, a raíz dunha proposta presentada polo Grupo Socialista. Pilar García Porto sinalou que na súa redacción actual, a nova lei aproba polo PP “suporá unha suba media dun 61% no recibo anual dos fogares galegos, que subirá de 53 a 86€ coa creación de tres novos impostos: o canon de xestión de depuradoras, o de xestión de colectores e o de xestión de abastecementos, polos que a Xunta prevé na memoria económica da propia normativa recadar 50M€ máis ao ano. Un verdadeiro sablazo fiscal que chega no peor momento para os concellos e para a poboación pola crise económica”.

A institución provincial tamén urxe ao Goberno galego a que deseñe un plan estratéxico consensuado coa FEGAMP para determinar as infraestruturas necesarias, o financiamento das obras e os prazos de execución. Fronte á actual proposta da Xunta, que carga aos concellos co 30% do

financiamento das novas obras de abastecemento e saneamento, a Deputación reclama que estas infraestruturas opten aos fondos Next Generation.

ATENCIÓN PRIMARIA. Por outra banda, a Deputación de Lugo demanda á Xunta de Galicia que resolva as deficiencias do sistema sanitario “diante do panorama desolador e da situación caótica da Atención Primaria na provincia de Lugo, que a Xunta ten baixo mínimos”.

Desde a institución provincial demandan que se adopten medidas inmediatas, “como por exemplo unha convocatoria extraordinaria de especialistas en medicina de familia, para resolver as deficiencias xeradas no sistema sanitario, sobre todo durante o verán na nosa provincia”.

A Deputada lembrou as constantes declaracións públicas das asociacións e colectivos do eido sanitario sobre a situación actual de recortes e peches na provincia e na comunidade autónoma, “e que son desprezadas constantemente polo Goberno do PP”. “Non sei como non se poñen colorados coa sanidade en precario que defenden. Debería darlles vergoña apoiar un modelo que está rachando coa universalidade do noso sistema sanitario”, dixo.

AO NOSO CARÓN

Mitma pon en servizo un desvío na A-6 polo derrube dos viadutos

Acurta en 6,6 km o paso a través da N-VI, que queda reducido a 4,1 km

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma), con motivo das obras de reparación dos Viadutos do Castro, poñerá en servizo a partir de mañá mércores 20 de xullo ás 11:00 horas un novo desvío dende a A-6 á N-6 situado entre os PP.KK. 428+600 e 432+500 da citada autovía.

Con iso acúrtase en 6,6 km o desvío actual, que pasa de ter 10,7 km a través da N-6 a ter só 4,1 km, establecendo así a operatividade da autovía entre os PP.KK. 422+000 e 428+600.

Iso permitirá reducir en máis da metade o tempo de paso actual polo desvío tanto para vehículos pesados como para vehículos lixeiros quedando, no peor dos casos, entre uns 5 e 6 minutos.

O director xeral de Estradas de Mit-

ma, Javier Ferreiro, informou dos detalles e da apertura do novo desvío, ao director xeral de Estradas e Infraestruturas da Junta de Castilla y León, Jesús Félix Porta García e ao director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez, nunha reunión telemática.

Na devandita reunión, tamén se abordou o novo plan de mobilidade alternativa, exposto unha vez analizadas as diferentes propostas que se recibiron por parte doutras administracións. Devandito plan inclúe tanto as distintas previsións de desvíos como os roteiros alternativos que se expoñen para os transportes especiais que viñan utilizando a A-6 ao seu paso por Pedrafita do Cebreiro e que polas súas dimensións non poden utilizar os desvíos actuais.

Unha posible solución para moitos dos transportes especiais nesta situación é a través da A-6 ata Benavente utilizando posteriormente a A-52, AG-53, AP-53 e AP-9 ata Ferrol. Dita roteiro alternativo implica a utilización do desvío das obras da "ligazón orbital" de Santiago, sito no p.k. 64 da AP-9. O paso polo devandito desvío efectuaríase en xanelas horarias.

Neste contexto, o director xeral de Estradas informou que outra solución en fase de estudo para o tráfico xeral con sentido Madrid é o establecemento do desvío desde a A-6 á N-6 no semienlace Leste de Pedrafita do Cebreiro sito no p.k. 431 da A-6. Así mesmo, esta última proposta permitiría o tránsito de vehículos especiais, en ambos



Aberto o desvío do tráfico polos derrubes do viaduto do Castro

sentidos.

A solución está a ser deseñada por Mitma en coordinación coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT) e Garda Civil das provincias de Lugo e León. Con ela reduciríase á metade a intensidade media diaria actual (5.000 vehículos diarios que aumentan a 6.000 en período estival cun 30% de pesados). Así, a travesía de Pedrafita do Cebreiro recibiría unicamente o tráfico xeral sentido A Coruña, volvéndose a unha

intensidade de tráfico na travesía análoga á existente antes do 7 de xuño do presente ano, data na que activaron os actuais desvíos.

Por último, Mitma está a deseñar un Protocolo Especial de Vialidad Invernal no desvío de Piedrafita que será coordinado coas Delegacións do Goberno de Galicia e Castela e León, as Subdelegacións do Goberno de Lugo e León e coa DXT e Garda Civil de Tráfico de ambas as Comunidades Autónomas.

Tomé marca como obxectivos consolidar e gañar alcaldías

O PSdeG na provincia o proceso de renovación dos órganos do partido coa constitución do Comité Provincial, no que o Secretario Xeral, José Tomé Roca, marcou uns "obxectivos realistas e ambiciosos", de cara ás eleccións municipais do 2023.

O líder socialista incidiu na súa intervención diante dos militantes que estes obxectivos, "pasan por acadar representación municipal en tódolos concellos da provincia, manter e reforzar as alcaldías actuais, sumar outras novas, manter e mellorar os resultados onde o partido non goberna e asegurar a continuidade dun Goberno de esquerdas e presidido por socialistas na Deputación".

Para iso, explicou, está desenvolvendo un traballo estratéxico, planificado, coordinado, en equipo, en todos os concellos e partidos xudiciais, sobre o terreo, nas agrupacións, nos concellos, co tecido asociativo, para informar e para ser informados, ata chegar a maio de 2023 nas mellores condición e acadar os mellores resultados.

ECONOMÍA. O Secretario Xeral puxo en valor as medidas do Goberno de Pedro Sánchez, para transformar a economía e protexer a maioría so-

cial, nuns tempos realmente difíciles, primeiro pola pandemia e agora pola guerra de Putin. "Nada nos pode ser indiferente aos socialistas, estamos obrigados a tomar decisións, valentes e ambiciosas. Sabemos ben quen somos e que queremos, por iso como sempre, as nosas prioridades son os traballadores e as clases sociais máis desfavorecidas".

Nestes intras, o Goberno de Pedro Sánchez está gobernando para superar esta situación, e ao mesmo tempo para transformar a economía e protexer a maioría social do país. "E faino a través de medidas como as bonificacións de combustibles ou a rebaixa do IVE no consumo eléctrico, ou a recuperación do poder adquisitivo das pensións, coa suba dun 15% para as non contributivas, e a subida do Ingreso Mínimo Vital. E tamén coas axudas aos autónomos, parados, gandeiros, agricultores así como para os sectores da pesca ou o transporte".

Ademais diso, "aprobamos un novo imposto para as entidades bancarias e as grandes empresas enerxéticas. Becas complementarias, medidas para a limitación nos alugueres. E promovemos a reforma laboral a pesar da crise económica e enerxé-



tica para a creación e o mantemento do emprego, con iniciativas como a suba histórica no Salario Mínimo Interprofesional que pasou do 775 euros co PP, aos 1.000 euros actuais". O Secretario Xeral na provincia aludiu ao traballo que se está impulsando dende a Deputación de Lugo para responder ás necesidades da provincia. "Unha política de feitos e realidades afastadas dos xestos populistas do PP. Por unha banda, recuperamos a normalidade institucional, e estamos traballando cun bo ritmo de traballo elevadp e constante".

AS POLÍTICAS SOCIAIS. Remarcou que as políticas sociais son as prioritarias na súa folla de ruta "ás que lles adicamos máis dun tercio do orzamento. Outra clave segue sendo a cooperación cos concellos para que poidan ofrecer máis e mellores servizos, así como o apoio incondicional aos sectores produtivos da nosa

provincia. E sen esquecer mellorar as nosas vías de comunicación, que son un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación e dinamizar a economía e o emprego e facer competitivo ao territorio". Tomé Roca acusou ao PP de non ter nin unha soa idea para a provincia.

REPRESENTANTES COMARCAIS. No que atinxe ás cuestións orgánicas xa están elixidos os novos representantes comarcais. Marta Rey é a nova coordinadora na Mariña; Miguel Ángel Crende en Lugo; Rafael García no Suroeste; Iván Castro na comarca de Sarria; José Luís Losada en Monforte de Lemos; na Comarca da Terra Chá, Constantino García e na Montaña con José Ángel Fernández Carrin. Con estes nomeamentos, o PSdeG afronta unha nova etapa na que seguiremos traballando e defendendo os nosos concellos, tanto no Goberno como na oposición.

A CHMS aconsella o aforro de auga debido á baixa pluviosidade e ao nivel dos encoros

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) indica que no mes de xuño rexistrouse unha precipitación media de 72,7 l/m², un 47 % superior ao valor medio, polo que resultou ser un mes húmido nas concas do Sil e Limia, e moi húmido nas do Miño e Cabe.

A pesar diso, a falta de precipitacións acumulada durante este ano hidrolóxico, iniciado o pasado 1 de outubro, fai que nos atopemos ante o ano hidrolóxico máis seco da serie 1980/81 a 2020/2021, tras o ano 2016/2017, 2004/2005 e 2011/2012 nos que se viviron situacións similares á deste ano.

Por outra banda, os encoros atópanse ao 53,25%, un 23% inferior á media histórica e 9,6% menos que o ano pasado, 63 %. Así mesmo, os caudais circulantes rexistrados durante o mes de xuño foron uns 41% inferiores aos habituais e os niveis piezométricos sitúanse, como media, un 11% por baixo do habitual. Desde o ano 2000 déronse escenarios similares ao actual en 2005, 2011, 2012 e 2017, o que evidencia os efectos adversos do cambio climático.

Desde a CHMS instan a un "uso racional do recurso, lembremos que só entre tod@s poderemos facer fronte aos efectos desta seca prolongada" concluiu Quiroga.

O Festival Mundial do Ilusionismo levará a maxia pola provincia

O Festival Mundial do Ilusionismo Galicia Ilusiona percorrerá 17 concellos lucenses desde o 3 de agosto ata o 3 de setembro, con outras tantas actuacións de recoñecidos magos e magas. Da man do Xacobeo 21-22, a Xunta de Galicia levará por toda a provincia distintos espectáculos de maxia de preto, extrema, maxia na rúa, solidaria e unha gran gala, coa presenza de sete dos mellores magos e magas a nivel mundial.

A gran gala máxica internacional será un dos pratos fortes deste festival, que en Lugo terá lugar o 3 de setembro no auditorio Gustavo Freire e que contará coa presenza de sete dos mellores magos e magas do panorama internacional, encargados de traer ata Lugo actuacións de maxia de preto, escapismo, maxia de gran formato, telequines, mentalismo, poesía máxica ou ilusionismo infantil. A gran gala máxica será o único espectáculo deste festival para o que se precise entrada, aínda que o custo é reducido, cun prezo único de 12 euros, para as entradas que xa están á venda en www.galiciailusiona.es.

A outra gran actuación, prevista para o 24 de agosto, tamén na cidade de Lugo, será na Rúa da Raíña, ata onde



levará o seu espectáculo de maxia extrema Víctor Cerro, considerado un dos mellores escapistas do mundo e record mundial en maxia extrema. O reto estará presentado polo xornalista deportivo Terio Carrea e terá como protagonista un vehículo de gran cilindrada.

Ademais de na cidade de Lugo, Galicia Ilusiona levará a maxia ata outros 16 concellos nos que actuarán algúns dos mellores ilusionistas actuais como o Mago Teto, Nacho Samena, Patri Zenner e Roberto Lolo. Todos eles levarán a súa maxia ata Burela, Chantada, Cervo, Castro de Rei, Foz, Cospeito, Guitiriz, Friol, Monforte de Lemos, Sober, Outeiro de Rei, Monterroso, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.

Remata coa entrega de diplomas o obradoiro Castro VII



Os 20 alumnos do obradoiro de emprego O Castro VII, que se desenvolveu durante os últimos nove meses nos concellos de Ribeira de Piñón, A Pastoriza, Riotorto, Pol e Castroverde recibiron os seus diplomas.

O taller impartiu a especialidade de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas e os participantes poderán acreditar esta formación cun certificado de profesionalidade que ten validez en toda España.

Os obradoiros teñen un dobre atractivo, xa que constitúen unha ferramenta idónea para axudar á inserción laboral de persoas desempregadas en sectores con demanda por parte das empresas, ao tempo que realizan obras e servizos de interese público nos concellos promotores. Por exemplo, en Pol interviron en

camiños de Valincovo (Milleirós), Hermunde e no de Susá-Landriz (Valonga), e en Castroverde realizaron tratamentos de conservación no carballal de Furís.

O financiamento da Xunta inclúe incentivos para contratar a catro das persoas participantes en empresas da contorna e de sectores relacionados coas especialidades impartidas, por un mínimo de tres meses cun contrato a xornada completa.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten pendente de resolución a nova convocatoria de axudas a concellos para poñer en marcha obradoiros de emprego, que este ano incrementa o seu orzamento nun 20% aproximadamente. Ademais, nesta edición amplíase a duración ata os doce meses -actualmente son nove-.

Os concellos súmanse ao proxecto de investigación do cancro da USC

O proxecto Minerais contra o cancro, unha iniciativa promovida conxuntamente por investigadores do Campus de Lugo e do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), fai visible a aposta e o apoio prestado polas distintas administracións locais da provincia á USC a prol da investigación, tal e como puxo de manifesto a profesora na Facultade de Veterinaria e coordinadora desta iniciativa de ciencia solidaria, Marta López Alonso, nun acto de “agradecemento” presidido polo reitor Antonio López na Casa do Saber e que contou cunha ampla representación das corporacións locais, ademais do presidente da Deputación, José Tomé.

Agradecida pola implicación da práctica totalidade dos concellos da provincia de Lugo nun proxecto pioneiro que pretende achegar novas solucións aos doentes oncolóxicos, a responsable do grupo de Investigación en Medicina Animal (IMEA) na Facultade de Veterinaria e coordinadora de Minerais contra o cancro, Marta López Alonso, reiterou o seu agradecemento a todas as persoas, empresas e entidades que



colaboraron con doazóns económicas na campaña de micromecenado desenvolvida desde o pasado 17 de decembro e durante un período de 3 meses na plataforma Precipita da Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía (FECYT).

“Este proxecto serviu para ver como a sociedade luguesa se volcou por completo cunha modesta iniciativa de I+D, que recadou preto de 55.000 euros, unha contía á que de sumar as achegas económicas prestadas polos concellos da provincia de Lugo, faría de ‘Minerais contra o cancro’ o proxecto máis apoiado en toda a historia da plataforma Precipita do Ministerio de Ciencia e Innovación”, relatou López Alonso, para, de segui-

do explicar que o “obxectivo deste proxecto pasa por estudar o efecto que poden ter os minerais nos doentes oncolóxicos”.

O reitor da USC, Antonio López, salientou asemade a transferencia de resultados de investigación e de coñecemento á cidadanía como unha das fórmulas a través das que a USC pode devolver todo o apoio recibido da sociedade. “O proxecto Minerais contra o cancro é unha clara mostra desta responsabilidade social das universidades públicas”, dixo López, para logo sinalar que “alén de ofrecer cada ano ao mercado arredor de 4.000 titulados e tituladas, a USC tamén debe ser capaz de achegar solucións á sociedade”.

Farán pistas deportivas en colexios da comarca



A Xunta aprobou a implantación de 12 polos creativos e a execución de 12 pistas multideporte que estrearán o vindeiro curso escolar colexios e institutos repartidos por toda a provincia. No caso das pistas multideporte, a provincia recibiu achegas por case 800.000 euros (778.700 euros) a 12 concellos -en toda Galicia son 33 - para a dotación e mellora destas instalacións en centros educativos dos seus respectivos termos municipais.

Así, ao abeiro desta convocatoria de axudas contarán este tipo de instalacións para a práctica de varios deportes os CEIP Concepción López Rei de Baleira; Virxe do Corpiño de Begonte; CEIP Lagostelle de Guitiriz; Rosalía de Castro de Pol; Rosalía

de Castro de Bóveda; Santa María do Valadouro; O Cantel de Foz; Celso Currás de Trabada; CEIP do Corgo; Ricardo Gasset do Incio; CEIP do Páramo e CEIP de Palas de Rei.

É a primeira acción deste tipo que se pon en marcha en Galicia e a Xunta financia ata o 85% do custo destas infraestruturas lúdico-deportivas nos centros escolares que son de uso conxunto entre a comunidade educativa e a cidadanía.

As axudas van destinadas a pistas multideporte en centros de Educación Infantil e Primaria e nos centros integrados non universitarios (CPI) de titularidade municipal, cuxo deseño debe ser conforme aos modelos establecidos no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica.

Empeza a campaña contra a supresión das paradas de bus

O BNG puxo en marcha en Palas de Rei unha campaña de recollida de sinaturas ante o novo plan de mobilidade do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Este proxecto contempla a supresión de paradas de autobús como recortes nos servizos ferroviarios nun cento de localidades do País, polo que a organización esixe a a modificación deste plan.

No caso de Lugo, suprimiranse as paradas de autobús nas localidades de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Baralla, O Corgo, Guitiriz, Palas de Rei e Monterroso.

A deputada Olalla Rodil, declarou “é inadmisíbel que se pretenda quitar o pouco que hai no interior do País, por isto desde o BNG esiximos o mantemento do servizo e instamos a mellorar as frecuencias e liñas” ao que subliñou “temos dereito a vivir, a traballar e a movernos no interior do País cun transporte do século XXI que atenda ás necesidades da veciñanza”.

O BNG instalará mesas de información como de recollida de sinaturas nas localidades afectadas “animamos a todas as persoas a que asinen nas mesas que imos a colocar para para defender un transporte de calidade” suscitou Rodil.

O Club Fluvial reabre ao completo o día 15 trala reforma integral

O Club Fluvial de Friol abriu as súas instalacións tras rematar a reforma integral da infraestrutura que se realizaron durante o inverno cun investimento total de 970.000 euros. Aínda así, as piscinas abriron unha semana antes, a primeiros de mes. Nun principio o orzamento era de 700.000 euros pero ampliouse debido ás necesidades que foron xurdindo. Grazas a un convenio de colaboración, o 70% do orzamento foi sufragado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O obxecto do proxecto era acometer unha serie de obras de edificación e urbanización na contorna do club fluvial, unha instalación pública e aberta a toda a veciñanza que levaba máis de 40 anos en funcionamento. As obras en Friol consistiron na edificación practicamente de novo do



edificio central ademais das dúas piscinas exteriores, unha de adultos e outra infantil. Tamén se executaron traballos de urbanización e a creación de espazos axardinados. As piscinas remataron con anterioridade xa que abriron xa as súas portas este verán, cuns días de retraso con relación a outros anos.

Por outra banda, a previsión é con-

tinuar coa urbanización de parte da contorna da praia fluvial, localizada nunha das marxes do río Narla coa renovación do paseo e a construción dunha ponte sobre o río.

Xa no mes de febreiro remataron tamén as obras de mellora da pista de tenis do club fluvial, grazas a un orzamento de 30.660 euros aportado pola Xunta de Galicia.

Friol conta cun vixilante municipal

O Goberno local de Friol vén de nomear un novo Vixilante Municipal, despois de un tempo sen ese servizo, debido a que o Policía Municipal que exerceu durante moitos anos, se xubilara.

Dende a Academia Galega de Seguridade remitiron ao Concello proposta de nomeamento como funcionario en prácticas do Concello de Friol, categoría de vixilante municipal, quenda de acceso libre. Despois da convocatoria realizada polo Director Xeral da Academia, que convocou ás persoas aspirante ao acto de elección de praza, que tivo lugar o 18 de abril, tivo como resultado que a persoa proposta para ocupar a praza de Friol fora Rodrigo José Figueroa Vázquez.

Polo tanto, Rodrigo, é a persoa que tomou posesión como persoal funcionario en prácticas, na categoría de Vixilante Municipal, escala básica do Corpo de Policía Local do Concello de Friol.

Dende o día 1 de xullo do presente ano 2022 xa está exercendo as súas labores ao longo dos 295 km² e as 32 parroquias coas que conta este municipio lucense.

O alcalde Jose Á. Santos anima a toda a poboación de Friol a “que cumpramos coas obrigas que temos como cidadáns, e tamén a que conten con este novo traballador que temos no Concello, cando teñan algún problema que entre dentro das súas funcións e que el poida solucionar, como Vixilante Municipal”.

Adxudicadas as obras de saneamento en Roimil



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, adxudicou por preto de 238.000 euros as obras de mellora do sistema de saneamento municipal na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol. O contrato foi adxudicado á empresa Hordescan, S.L e conta cun prazo de execución de 6 meses.

Esta actuación enmárcase no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Friol para estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

A Xunta cofinanciará a actuación nun 80%, ademais de encargarse da contratación e da construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por

unha depuradora de oxidación total.

Pola súa banda, o Concello contribuirá ao financiamento do 20% restante, ao tempo que asume a tramitación das autorizacións precisas para posibilitar a súa realización, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

A rede de saneamento proxectada componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo, e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Para o funcionamento do sistema de depuración inclúense partidas para a acometida eléctrica, así como o sistema de medida e protección, e instalación interior para o seu correcto funcionamento. Coa rede proxectada por Augas de Galicia veranse beneficiadas uns 200 habitantes.

Acondicionan o exterior do CPI da localidade



O Concello de Friol investirá 17.000€ en acondicionar as beirarrúas que rodean o edificio de infantil e primaria, e tamén na renovación das escaleiras que dan acceso ao comedor do centro escolar CPI Doutor López Suárez.

Actualmente, tanto as beirarrúas como as escaleiras mencionadas, estaban en moi mal estado de conservación, debido ao paso do tempo, ao uso continuado por parte de todas as persoas usuarias do centro, e tamén por culpa das inclemencias meteorolóxicas.

As actuacións que se van levar a cabo son a renovación de 480 m² de beirarrúas, que conforman o total de metros que rodean os edificios de infantil e de primaria, e tamén as escaleiras exteriores que dan acceso ao comedor do centro escolar, ao que accede todos os

días a inmensa maioría do alumnado, pois case todas as persoas que están escolarizadas en este centro fan uso de este servizo.

Tanto as beirarrúas como as escaleiras seguirán no mesmo lugar no que estiveron ata o de agora, pero faráselles unha renovación para que a seguridade dos usuarios se vexa incrementada cando se atopan no exterior das aulas, e tamén cando van acceder ao comedor.

Estas obras xa se comezaron fai uns días, e está previsto que quede todo rematado antes de que comece o novo curso escolar, no mes de setembro.

O alcalde, Jose Ángel Santos, di que “debemos seguir na liña de axudar, na medida do posible, a que os centros públicos e os servizos dos que podemos desfrutar no noso pobo, sexan cada día un pouco mellores”.

Friol celebrou o Día do Maior en plenas festas e tras dous anos de pandemia



Tras dous anos sen poder celebrarse, o pavillón de Friol acolleu a celebración Día do Maior cun xantar no que participaron centos de veciños, que puideron desfrutar dun menú galegos en plenas festas patronais.

Nesta celebración, patrocinada e organizada un ano máis polo Concello de Friol, festexouse a volta a normalidade facendo un recordatorio ao labor que fan os maiores na formación de fillos e netos.

O PSOE lamenta que o alcalde non vote a favor de pedir á Xunta axudas aos gandeiros

A voceira do PSdeG, Carmen Acacio, lamentou a falta de compromiso que demostrou o Partido Popular cos gandeiros e gandeiras da vila despois de negarse no Pleno do mes de xullo a pedirlle á Xunta unha liña de axudas directas ó sector agrario, complementaria e da mesma cantidade que o dedicado polo Estado ós produtores de Galicia e destinado gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola).

A voceira lembrou que o alcalde, José Pardo Lombao, votou hai menos de 15 días a favor dunha proposta similar na Deputación, que saíu adiante por unanimidade, e agora no Pleno municipal votou en contra. “Por iso non entendemos este cambio de postura do PP”.

“Dende aquí pedímoslle ó alcalde que percorra a nosa vila, e lles explique ós nosos gandeiros e gandeiras porque non quere reclamar ó Goberno da Xunta un investimento similar ó que xa fixo o Goberno de Pedro Sánchez no concello de Outeiro de Rei”, recalca Carmen Acacio.

A socialista subliña que as explotacións do concello de Outeiro de Rei percibiron un investimento de 353.004 euros do Goberno de Pedro Sánchez, e no conxunto da Comarca de Lugo o investimento ascendeu a 5.335.949 euros. “Queremos que os nosos gandeiros e as nosas explotacións leiteiras poidan acceder a estas mesmas axudas, pero co compromiso do Goberno da Xunta e do PP”, afirmou.

O BNG instalou, un ano máis, un paso de peóns provisional na N-VI

O BNG de Outeiro de Rei volveu a realizar un acto reivindicativo para reclamar o acondicionamento de pasos seguros para persoas na N-VI. Os nacionalistas instalaron un paso de peóns temporal e simbólico para demandar o que cualificaron como “unha necesidade para todas as persoas que, a diario, teñen que xogarse a vida para cruzar a N-VI para ir dun lado ao outro da vila”. Durante aproximadamente un cuarto de hora a estrada N-VI contou cun paso de peóns, cuestión que o BNG leva anos demandando dende hai anos a todas as administracións.

PAZO DOS GAIOSO. A deputada Olalla Rodil presentou no Parlamento unhas preguntas sobre a desaparición das pedras da porta que estaba no Camiño Real, detrás



do Pazo dos Gaioso, no propio centro da vila.

“Agora, despois de moitos séculos, esa porta xa no existe porque foi derrubada e no seu lugar tan só queda unha morea de pedras, algunhas das cales poderían formar parte da porta orixinal”, dixo.

Para o BNG é fundamental que se paralice calquera actuación, intentado evitar que “desaparezan” ou

se deteriorenen aínda máis as pezas desta porta, e é por iso se presentaron preguntas sobre se a Xunta era coñecedora do acontecido nas obras do centro de día, tamén preguntou se estaban catalogadas ou inventariadas as portas, o valor patrimonial da mesma, así como as medidas a tomar para evitar que o alcalde faga desaparecer ditas pedras.

begonte

Volve o Torneo de Fútbol Burbulla a Baamonde



O Cercud na praia fluvial de Baamonde recupera o Torneo 3x3 Fútbol Burbulla, que terá lugar o 6 de agosto. Trátase da VI edición dunha actividade que conxuga o deporte coa oferta lúdica e consiste en xogar metido dentro dunha burbulla xigante, que lles ocupa aos xogadores todo o tronco. Pódense dar golpes e revolcóns sen ningún tipo de perigo e lesións.

Cada equipo estará formado por tres xogadores admitíndose equipos masculinos, femininos e mixtos coa única limitación de ter máis de 16 anos. Os 3 primeiros clasificados levarán trofeos e vales agasallo dunha tenda deportiva e o resto medallas. Ademais haberá unha comida de confraternización entre os equipos na que haberá como menú empanada, bola de liscos e churrasco.

As inscricións están abertas e teñen un custe de 15 euros por persoa e 45 por equipo.

Presentan a X edición do festival 27373, que terá lugar o 13 de agosto

Regresa con toda a súa forza ao Club Fluvial de Begonte o Festival 27373, que xa ten preparada a súa programación para a que xa é a décima edición que se celebra neste concello chairego, que este ano será o 13 de agosto.

Organizado por Castiñeiro Milenario, celebrarase como sempre no Club Fluvial comezando a sesión a partires das 14.00 horas coa sesión vermú cun grupo de música tradicional e xa pola tarde ás 17.00 horas será o Aberto de billarda. Unha hora máis tarde tamén está previsto un campionato de cimbrón.

A música dará comezo ás 18.00 horas coa participación de catro artistas.

Así, abrirá o apartado musical Lidia Botana, que estivo na primeira edición cos maravillosos Labregos do Tempo dos Sputniks, repetiu nun concertazo cos míticos ZENZAR “rock en galego” e este ano traerá un novo espectáculo dirixido ao público familiar e infantil.



O segundo en actuar será AC Maghúa Galiza, seis músicos que desde A Coruña van encher o torreiro de música tradicional. Tamén destaca no programa o grupo Flow do Toxo, rapeiras, feministas e combativas que proceden do Condado.

Pecha a programación Os Vacalouras, de Teis, catro mozos cunha enerxía increíble, un directo potentísimo e que fan do mellor punkrock do país.



Tres composicións loitarán polo premio no concurso da casa Manuel María

A Casa-Museo Manuel María vén de facer pública a resolución do Xurado da 1ª fase do Concurso Manuel María de Composicións Musicais que ten por obxecto premiar a mellor canción lírica para voz e piano escrita sobre un poema de Manuel María.

As composicións escollidas polo xurado para pasar á fase final resultaron ser da autoría de Teresa Bretal Martínez, Teo Montero e Saúl Aguado que foron realizadas sobre os poemas de Manuel María Rosas, Orballo, Fistera e A lúa.

A canción gañadora determinarase entre estas finalistas para o que se levará a cabo un concerto público que terá lugar no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o sábado máis próximo ao aniversario do escritor, neste ano o día 8 de outu-

bro de 2022. Por tanto, nese día e a modo de agasallo de aniversario ao poeta chairego, o barítono Gabriel Alonso e o pianista Aurelio Viribay interpretarán diante do xurado e o público as cancións seleccionadas nesta primeira fase. No propio acto, após a correspondente deliberación, o xurado dará a coñecer a canción gañadora. Completarase a noite coa presentación do CD No Camiño. Dous séculos de canción galega, que veñen de gravar o barítono e o pianista xa mencionados.

O certame, convocado na súa primeira edición, conta cun premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución gratuíta a todos os Conservatorios de Música de Galiza.

As obras de renovación das beirarrúas rematarán en outono

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, avanzou que en outono os veciños de Castro de Rei terán á súa disposición unhas beirarrúas renovadas, accesibles e seguras que completan un investimento da Xunta de 700.000 euros na LU-113.

Vázquez Mourelle, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, supervisou hoxe as obras da segunda fase de renovación das beirarrúas nesta estrada autonómica, na parroquia de Castro Ribeiros de Lea, que comezaron hai dous meses.

A intervención, cun investimento de case 420.000 euros, desenvólvese ao longo de practicamente un quilómetro, desde o centro do municipio, á altura da praza de Galicia, ata a saída do núcleo.

Os traballos mellorarán a seguridade e a comodidade dos peóns, especialmente das persoas con mobilidade reducida e das familias con carros de bebés, que hoxe teñen dificultades para transitar por unha zona na que se emprazan servizos como como o instituto, o colexio, a biblioteca, o pavillón ou a residencia de maiores. Segundo detallou a conselleira, a actuación inclúe a demolición das actuais beirarrúas e a súa reconstrución, dotándoas dun ancho mínimo



de 1,8 metros para garantir o cumprimento da normativa de accesibilidade.

Ademais, colocaranse un total de 25 ramplas para mellorar os accesos aos garaxes e ás propiedades.

Os traballos comezaron polo punto máis afastado do núcleo urbano e contan xa con máis de 400 metros de nova beirarrúa completada pola marxe dereita, traballando de xeito paralelo pola marxe esquerda, de forma que as obras acadan o 30% de execución.

Estes traballos completan un proxecto cuxa primeira fase rematou a Xunta en 2020, renovando as beirarrúas ao longo de 1,2 km, entre o cemiterio de Duarría e a carballeira de Castro Ribeiros de Lea.

A conselleira puxo en valor a colaboración da Xunta co Concello de Castro de Rei a través doutros proxectos en execución, como a segunda fase do abastecemento, cun investimento conxunto de 360.000€ para mellorar o subministro nesta parroquia e servir ao polígono empresarial.

CAMPAMENTO DE VERÁN. O Castro de Viladonga mantén aberto o prazo de inscrición para a última quenda (do 15 ao 26) do campamento cultural que se celebra dende o 18 de xullo para nenos de 6 a 12 anos. O horario é de mañás, de 9.00 a 14.00 horas, e conta cun servizo de bus con varios puntos de recollida para aqueles nenos e nenas que non se poden achegar pola súa conta.

Chega o I Certame de Teatro Aficionado

En conmemoración do 50 aniversario da creación do grupo teatral Os Baluros celébrase en Castro de Rei o primeiro Certame de Teatro Aficionado. As representacións teñen lugar os sábados ás 20:30 no centro cultural Xosé Manuel Carballo.

O certame deu comezo o 30 de xullo ás 20:00 co ndúas representacións e continuará o día 6 de agosto con *Sainetes* do grupo de teatro Quemaisten, o día 13 con *O Randiña* do grupo O Torques e o 20 de agosto con *El crédito* a cargo do grupo Remocicarte.

Para clausurar o certame o grupo Os Baluros representarán a obra *O menciñeiro á forza* o sábado 27 de agosto. En todas as representacións a entrada será libre ata completar o aforo.

O longo de todo o certame o centro cultural Xosé Manuel Carballo



contará tamén coa exposición de debuxo e fotografía Instantes dos autores Carmen Cabaneiro e Juanjo de la Comba. Toda a recadación da mesma destinarase a Asociación Asistencial Protectora de Animais de Foz.

Castro Ribeiros de Lea prepara as súas festas

Castro Ribeiros de Lea prepara xa as súas festas patronais, que volverán á normalidade tras dous anos sen festexos trala incidencia da covid. Estas terán lugar a primeira fin de semana de agosto, que nesta ocasión corresponden aos días 5, 6, 7, e 8.

Novamente a localidade contará con algunhas das orquestras máis destacadas do panorama musical. Abrirá o venres coa actuación de Furia Joven, de Canarias e DJ David Expósito de Radio Líder. O sábado será a vez das orquestras Miramar e Trébol deixando para o domingo a actuación de Panorama xunto á orquestra Stereo Music-Show.

Pechará a programación musical Ala-



bama Show e Combo Dominicano o luns. O pregón, que se lerá o domingo despois de misa, estará a cargo do periodista Xoán Carlos Vidal e tamén haberá sesións de pirotecnia.

rábade

O Concello de Rábade recupera a Esbatuxada e ofrece axuda aos participantes

O Concello de Rábade anunciou que este ano retomarán as festas coas tradicionais actividades de todos os anos, entre as que se inclúe a esbatuxada.

A festa do río será o 13 de agosto, e o Concello ofrecerá a todo os que queiran facer a súa embarcación e participar na tradicional esbatuxada, un espazo no que poder elaborar a súa embarcación, e un servizo gratuito de baixada e recollida da embarcación para ese día.

Para dispoñer de tal servizo os veciños deberán poñerse en contacto co Concello no 982 390 062. Asimesmo, para o xantar instalárase unha carpa, na que baixo demanda ofrecerá servizo de mesas e sillas, para o cal en breves facilitarase información de cómo acollerse a él.

O certame de Pintura Rápida reparte 3.400 euros en premios



O sol e as altas temperaturas foron as protagonistas este sábado do XIV Certame de Pintura Rápida organizado polo Concello de Rábade e no que o madrileño Andrés Gabarri Cagiao fíxose co primeiro premio, dotado con 1.200 euros ofrecidos polo Concello.

O segundo, dotado con 800 euros patrocinados por Finsa, foi para Raúl Gil Burés, de Taragoña. O terceiro, de 600 euros, a cargo de Mercontrol, recaeu en Abraham

Pinto Mendoza, procedente da localidade sevillana de Utrera. Finalizou a listaxe con Néstor López Casás, de Xixón, que se levou os 500 euros doados por Sariego do cuarto.

Así mesmo outorgáronse tres accésit de 100 euros que foron para Manuel Ángel Serantes Morán de Ponferrada, Isabell Seidel de Amoeiro e Pablo Caurel Abael de Cacabelos. En total, repartíronse 3.400 euros en premios.

O PSOE demanda a limpeza dos roteiros

O voceiro Socialista de Castro de Rei, José Luis Castro Tellado, demanda ao Goberno do PP no Concello que limpe, desbroce e acondicione as rutas que percorren o municipio. O voceiro Socialista fíxose eco das queixas e denuncias dos usuarios da ruta BTT, que une os concellos Castro de Rei e Outeiro de Rei, e tamén dos visitantes que realizan a Ruta do Azúmara.

“Comprobamos que estas dúas sendas están intransitables, cheas de maleza, e sen ningún tipo de mantemento para poder percorrelas”, denuncian.

Castro Tellado non entende como en plena época estival o “Concello non ten preparado un dispositivo de limpeza para estas dúas rutas, que son dous atractivos turísticos”, remarca.

O BNG denuncia que Pol tamén queda sen atención pediátrica

O BNG denuncia que a Xunta de Galiza deixará un ano máis sen atención pediátrica aos concellos de Meira, A Pastoriza, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto e A Pontenova durante o verán.

O Bloque fixo unha consulta a través do Servizo de Atención ao Usuario e a resposta constata que a Xunta de Galiza non prevé substituír o especialista que presta este servizo nos centros de saúde de Meira e da Pastoriza durante o seu período estival. Isto supón como única alternativa desprazarse até Vilalba ou ao HULA.

Desde a organización frontista destacan que esta situación repítese nos últimos veráns e tamén noutras ocasións ao longo do ano, xa que o Sergas non está a cubrir os descansos nin as baixas

do persoal facultativo da atención pediátrica. Feito que tamén sucedeu durante os meses de maior incidencia da pandemia, na que os gromos nos colexios multiplicaron as necesidades de consultas.

Para o BNG, a situación nos centros de saúde de Meira e A Pastoriza demostra que a carencia de persoal na atención primaria, e especialmente en pediatría, é un problema estrutural que a Xunta de Galiza non ten intención de resolver.

Pola súa banda, o Sergas xustificou a falta de pediatra nos centros de saúde de Meira e Pastoriza polas vacacións do facultativo, ao que suman "a falta de médicos en determinadas especialidades". Con todo, asegura que "a atención está garantida".

Abre o prazo de alegacións ao inventario de camiños municipal

O Concello de Pol vén de poñer en exposición pública o seu Inventario de Camiños Municipais, que se extenderá durante case dous meses con data límite o 20 de setembro.

Durante este prazo, o documento poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que formule alegacións ou reclamacións no caso de consideralas pertinentes. O horario de consulta será de 9.00 a 14.00 horas os luns e os mércores.

O Inventario de Camiños Municipais será o instrumento que resolva as carencias ata agora existentes e aclarará de forma definitiva os criterios

de posesión e titularidade.

O Inventario de Camiños constituirá, por tanto, un rexistro administrativo que identificará e describirá os camiños públicos de uso público e titularidade municipal, informando sobre a extensión e as características da rede de camiños que discorre polo campo do municipio. Ten carácter administrativo exclusivamente, como integrante do Inventario de Bens, carecendo de valor urbanístico a efectos de definición de aliñacións oficiais, aínda que poderá servir de base de datos na planificación urbanística do medio rural.

Se se detecta que algún deses camiños públicos está cortado ou foi incorporado de feito a algunha leira privada, o Concello deberá reaccionar facendo que desaparezan as restricións á pública utilización do camiño, mediante o exercicio das prerrogativas que ten atribuídas para a defensa dos seus bens.

Os camiños non incluídos no Inventario continuarán tamén co réxime derivado da súa titularidade.

Unha vez sexan resoltas todas as alegacións e consultas presentadas a este período de consultas, o expediente será elevado ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

A Xunta declara firme o acordo para a parcelaria en San Estevo

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, vén de declarar a firmeza do acordo da zona de concentración parcelaria de San Estevo de Pol, no Concello lugués de Pol.

Así, dáse un paso máis cara á finalización desta reorganización territorial, que afecta a unha superficie de 354 hectáreas distribuídas en 151 predios de substitución pertencentes a 89 propietarios, resultantes de reestruturar as 511 parcelas iniciais. Esta mellora permítelle ás explotacións da zona reducir os seus custos de produción. Tras esta firmeza do acordo, só

queda pendente aprobar a acta de reorganización, o que suporá o remate administrativo deste proceso, que quedará finalmente terminado coa posterior entrega dos títulos de propiedade.

Con esta zona serán un total de sete os procesos de concentración parcelaria que se desenvolveron no concello de Pol. Ao de San Estevo de Pol agora a piques de rematar, súmase a reordenación da propiedade xa levada a cabo en Balonga, Caraño, San Andrés de Ferreiros, San Martín de Ferreiros, Silva-Eirón e Torneiros. Todos eles representan un total de 4.912 hectáreas que supoñen o 36,21%

do territorio do municipio de Pol. Cabe engadir que o impulso ás reestruturacións parcelarias é unha das principais liñas de traballo da Consellería do Medio Rural. Para esta finalidade, o departamento que dirixe José González destina só este ano un orzamento total de 12 millóns de euros, co fin de pechar administrativamente os 94 procesos que a día de hoxe están abertos.

Nesa dirección, cómpre sinalar que desde o ano 2020 se entregaron a preto de 10.000 titulares case 23.300 títulos de propiedade no marco de 21 procesos de reestruturación parcelaria.

o corgo

Os Bolechas, o mercado dos oficios e o festival folk, as citas de agosto

O venres, día 5 de agosto os Bolechas chegan ó concello do Corgo.

A actuación que comenará as 12:00 é para tódolos públicos, especialmente para os máis novos e estará ubicada na área recreativa a carón do colexio do Corgo. Esta actividade será gratuíta.

Durante os días 6 e 7 de agosto daránse cita na praia fluvial do Corgo diversos grupos musicais de todo o panorama nacional. O festival da comezo o sábado as 18:30 con xogo e animación infantís para continuar as 21:00 cos concertos de Ros, Manuel Luna e Brena e Brath.

O domingo comeza o día con unha feira de artesanía e unha exposición de maquinaria clásica e co concerto a 13:30 de Korrontzi. Xa pola tarde ás 16:30 terán lugar os concertos de Amado Lar, Banda de gaiteros do Centro de Galicia, Grupo de pandeleta de Vega da Espinareda e A lingua dereita. A actuación de Miguel Afonso ás 18:30 será o punto e final a este fin de semana cheo de música. Finalmente, o próximo 28 de agosto terá lugar o I Mercado de Oficios



que contará cunha mostra na que se poderá desfrutar de oficios como cestería, cerámica, marquería en madeira ou repostería entre outros. A xornada dará comezo as 11:00 coa apertura para continuar coa actuación do grupo A legua dereita do Corgo as 11:30. As 12:00 terá lugar o pregón que corre a cargo de Mario Outeiro Iglesias. As 15:00 comeza a actuación da Charanga 555 a que seguirán as 16:00 uns sorteos. Para finalizar a tarde as 17:30 a actuación de Paco Nogueiras, Radio BuleBule. O longo do día haberá unha exhibición de escultores con motoserra e outra de coches clásicos a cargo da Asociación lucense de coche clásico.

O PP insta a mellora da igrexa de Caraño

Dende o Partido Popular de Pol instábase ao goberno municipal a iniciar o proceso de mellora da igrexa da parroquia de Caraño. "Os veciños non merecen esta situación. Pedimos ao Concello que se ocupe inmediatamente das reformas precisas para o seu acondicionamento e posta en marcha. É unha situación que provoca un gran malestar nos veciños da parroquia" afirma a formación popular.

"Lévase prometendo ano tras ano o arranxo das deficiencias, e ata o día de hoxe segue sen encontrarse unha solución óptima", explican dende o grupo popular de Pol. A única medida que aportou o goberno foi trasladar a igrexa a unha nave que os veciños califican de



"igrexa nova", nunhas condicións que deixan moito que desexar. Esta situación provoca malestar e incertidume nos veciños, que o único que queren é ter unha igrexa en bo estado.

"Durante o mandato do actual goberno municipal, o alcalde non tomou medidas para enmendar este

problema, que afectan a todos os habitantes de Pol. O goberno local amosa un desinterese continuo ante as queixas veciñais. Agora que se achega a época electoral mostra unha preocupación carente de valor, pois, como está demostrado incurre no moito prometer pero pouco cumprir", di.

A Deputación repara máis de 11 km de estradas no concello

A Deputación iniciou a reparación do firme de máis de 11 quilómetros da estrada provincial LU-P-1201, que une os núcleos de Miranda, Cellán de Mosteiro, A Pumarega e San Xulián de Pereirama, no concello de Castroverde. Os traballos teñen un orzamento de preto de 43.000€ e afectan ao treito da vía comprendido entre os puntos quilométricos 3,8 e 14,9.

O proxecto que acometerá a institución provincial ten un prazo de execución dun mes e inclúe a reparación e repavimentación de baches, mordentes, afundimentos e defectos similares, así como a repavimentación de zonas degradadas mediante a execución dun dobre tratamento superficial e aquelas con máis degradación, e mesmo perda de árido como peladuras, mediante a execución dun triple tratamento superficial.

A mellora desta vía é moi importante porque dá servizo aos numerosos veciños e veciñas que transitan por ela a diario, así como a explotacións gandeiras e empresas da zona. Uns traballos que se enmarcan dentro



da política de mellora da mobilidade impulsada polo goberno provincial e que reverte na seguridade viaria da veciñanza, ademais de beneficiar a súa comodidade ao poder circular por un firme rehabilitado sen as deterioros que presenta actualmente a estrada polo paso do tempo.

O proxecto tamén contempla melloras noutra estrada de Castroverde, a LU-P-1204, que une os núcleos de Bolaño, Bitureiro e Outeiro, no treito comprendido entre os quilómetros 4 ao 4,2. Tamén se executarán melloras na vía provincial LU-

P-1211, que transcorre polo Coto, Porcín e Arrubial, e serve de punto de comunicación entre os concellos de Castroverde e O Corgo. Nesta vía os traballos execútanse do quilómetro 1,9 ao 2.

A Deputación ten como un dos eixos prioritarios a mellora da mobilidade na provincia. Estas obras son significativas para esta comarca, xa que as actuacións redundarán directamente no obxectivo que se marca a institución de camiñar cara o equilibrio territorial, imprescindible para o futuro do rural lucense.

A Xunta iniciará o proceso de concentración parcelaria este ano na zona de Riomol

O Consello da Xunta acordou impulsar a través da Consellería do Medio Rural avances e novas actuacións de reestruturación parcelaria en Galicia. Así, o Executivo galego prevé decretar un total de 23 novas zonas de concentración ao longo deste ano 2022, que se sumarían ás cinco zonas decretadas o pasado ano 2021.

Así, as 23 novas zonas que se decretarán suporán a reorganización de 19.394 hectáreas de superficie, distribuídas en 99.340 parcelas propiedade de case 14.000 veciños. En canto á súa distribución, 6 destes procesos decretaríanse na provincia da Coruña, 7 na de Lugo, 4 na de Ourense e 6 na provincia de Pontevedra.

Na provincia de Lugo, en concreto, está planificado o inicio de novas parcelarias, que xa contan co estudo previo de iniciación finalizado, nos concellos de Abadín (zona de Moncelos), Becerreá (zona de Guilfrei), Castroverde (zona de Riomol), Cospeito (tres zonas en Arcillá, Bes-

tar, Vilar, Siso; en Roás e en Lamas) e O Páramo (zona de Friolfe), en función do estudo previo.

Ademais destes 23 novos procesos que se van decretar ao longo deste ano 2022, a Consellería do Medio Rural está estudando outro cento de solicitudes para novas parcelarias, tendo en conta o peso do sector agropecuario da zona, se as explotacións mostran interese nesa reestruturación do territorio e a viabilidade do propio proceso en termos ambientais, entre outras cuestións a ter en conta.

A Xunta está traballando para finalizar os 91 procesos de concentración parcelaria que están abertos a día de hoxe na Comunidade. Neste senso, cómpre destacar que en 55 deles, é dicir no 60 %, os veciños xa están usando as novas parcelas resultantes. Para iso, o Goberno galego destina un orzamento de 12 millóns de euros en 2022, cifra que alcanza os 118 millóns de euros desde o ano 2009.

guntín

Guntín estuda renovar a súa praza dentro do plan Hurbe

O Concello de Guntín podería renovar a súa praza ao abeiro do plan Hurbe. Así o explicou o Executivo logo de abordar, coa conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, incluír esta actuación nese programa de mellora.

Este proxecto enmarcaríase nesta liña de subvencións que xa financiou obras neste concello lucense -por un importe de case 100.000 euros- como a urbanización e mellora da accesibilidade das instalacións deportivas municipais ou a reforma da piscina municipal.

Ademais, este municipio tamén mellorou a senda desde Tosen-de, en Ferro, pasando por Areas e Brea, en A Mota, ata Barrio, en Mosteiro, finalizando en Francos, con cargo ás axudas a concellos en Reserva de Biosfera, que cada

ano convoca esta Consellería. A maiores, tamén se realizou a rehabilitación da nave de almacenamento coa liña de financiamento destinada a corrixir impactos paisaxísticos en inmobles e equipamentos municipais.

Hai máis dunha década que o Goberno galego impulsa o plan Hurbe co obxectivo de brindar o seu apoio ás entidades locais na execución de actuacións dirixidas a habilitar ou recuperar equipamentos municipais e poñer en valor as contornas urbanas, e que este ano conta cun orzamento reservado de 7 millóns de euros.

Neste sentido, cómpre subliñar o compromiso do Goberno galego á hora de brindar apoio aos concellos para promover proxectos que contribúan a dinamizar as vilas galegas e mellorar a calidade de vida da veciñanza.

Os socialistas demandan recuperar os servizos de extinción de incendios

O Grupo Socialista de Portomarín presentou unha moción para solicitar unha mellora nos de extinción de incendios.

Esta iniciativa estaba baseada en tres puntos: solicitar ao alcalde de Portomarín que realice as xestións urxentes e necesarias para a recuperación dos dous helicópteros e das dúas brigadas helitransportadas ubicadas na Base de Helicópteros de Portomarín; solicitar á Xunta de Galicia que neste ano 2022 se proceda a entrega ao Concello dun novo camión para a extinción de incendios; e, por último, solicitar á Xunta que proceda, o antes posible, á recuperación, limpeza e mantemento dos depósitos de auga, como puntos estratégicos para a extinción de incendios forestais.

Ademais desta iniciativa o Grupo Municipal Socialista presentou unha serie de rogos encamiñados a mellora da imaxe e adecentamento



de Portomarín. Así, solicitou que se procedera ao arranxo integral e urxente da Rúa do Peregrino, "que na actualidade presenta un estado lamentable e desastroso, cheo de baches, sobre todo nas inmediacións do apeadoiro dos autobuses de liña".

Igualmente, neste lugar solicitouse que se proceda a unha limpeza regular do apeadoiro dos autobuses de liña, e que se laven de xeito habitual e regular as rúas de Portomarín durante a época estival.

portomarín

A vila recibe a unidade móbil de Coidados porta a porta este mes

O Concello de Portomarín contará coa visita da unidade móbil de Coidados porta a porta os vindeiros 12, 16, 17 e 18 de agosto. Esta iniciativa de saúde, financiada a través dos Fondos Europeos Next Generation, achega aos maiores de 55 anos as consultas de audiología, podología e estimulación da memoria.

O servizo estará situado no Campo da Feira da localidade, segundo informa o Goberno local.

Os servizos, que se prestarán, preferentemente baixo cita previa, ás persoas que se acheguen, serán o de audiología, cunha revisión e unha valoración auditiva; o de podología, para a prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés; o servizo de prevención do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas co que se farán probas de valoración cognitiva, exercicios e actividades de estimulación funcional e envellecemento activo, prevención da soidade non desexada e promoción da autonomía persoal.

DEPORTES

“Queremos ser fortes en minis e preminis para volver crecer”

Suso Lázare é o presidente do Club Estudiantes de Lugo

Como nace o Club Estudiantes Lugo?

Fai máis de cincuenta anos, en 1968, no Instituto Masculino, hoxe Lucus Augusti, o profesor de Educación Física José Antonio Santiso creou a sección de baloncesto para que os nenos practicasen deporte e baloncesto. A partir de aí xurdiu o Club Estudiantes Lugo sempre vinculado ao instituto, actualmente o logo componse de dúas iniciais El que se corresponden coas palabras estudantes e instituto.

Como chega á presidencia?

Sobre o ano 2001 ou 2002 Ignacio, o meu fillo maior, comeza a practicar baloncesto no club e ao pouco tempo José Antonio Caneda pídenos aos pais que tiñamos naquel momento aos nenos pequenos botar unha man e formar unha nova directiva. Desde entón formo parte da directiva do club, primeiro como vogal, logo de vicepresidente con José Antonio e cando el dimitiu eu asumín a presidencia durante os seguintes anos e ata este momento.

Onda naceu a súa vinculación co deporte?

A miña vinculación co deporte é dende mozo, sempre practiquei deporte e en idade escolar fixen voleibol e balonmán no colexio Maristas e logo realicei piragüismo. De forma amateur sempre me gustou correr e o deporte ao aire libre e cheguei a completar dúas medias maratóns. Agora coa idade o que me queda é andar pouquiño a pouquiño.

Con cantos deportistas e categorías conta o club?

Actualmente contamos con equipo en todas as categorías no masculino dende o que se denomina agora como prebasket e minis ata o equipo sénior en nacional. En canto ao feminino temos categoría ata júnior, neste caso non temos equipo sénior. Actualmente contamos con un total 18 equipos nos que participan 250 deportistas.

Como vos afectou a pandemia?

A pandemia, como a toda a sociedade, afectounos en que nos tivemos que ir reinventando día a día, creando protocolos e adaptándonos ós que nos daban dende as institucións para as competicións e o uso das instalacións. A min per-

soalmente o que máis me afectou foi deixar de poder ir ver os adestramentos e os partidos ó pazito, perderme o día a día cos nenos e nenas. E como club tivemos un baixón de rexistrados xunto cos problemas que van xurdindo nas diferentes xornadas con algúns casos positivos e as medidas e protocolos.

Que valoración fai da última tempada?

Esta tempada valóroa como positiva, neutra positiva sendo sinceiros. Houbo unha serie de equipos que descendieron de categoría o cal era previsible xa que coa pandemia houbo xogadores que deixaron o club. Pero tamén valeu para asentarnos na nosa idiosincrasia que son as escolas e volver ser fortes en categorías minis e preminis para dende aí volver crecer como club. Loxicamente nas categorías júnior, cadete e infantil, tanto masculina como feminina, hai que seguir tentado competir e facelo o mellor posible, pero hoxe en día o club está enfocado en volver sacar novos xogadores e xogadoras para os equipos lucenses.

Como se presenta esta nova tempada e cales son obxectivos para este novo ano?

Os obxectivos para esta tempada basicamente son seguir asentándonos, que volva entrar xente e se incremente o número de xogadores e xogadoras. Afianzar de novo ben as escolas e por suposto tentar recuperar a categoría naquelas que se descendeu a tempada pasada. Fóra das competicións facernos fortes tamén nas actividades que desenvolve o club como os campamentos de verán e de inverno.

Que actividades realiza o club a maiores dos adestramentos e a competición deportiva?

A nosa principal actividade fóra dos adestramentos e as competicións son os campamentos de verán Móvete con nos, xunto cos de Nadal e Semana Santa. Cremos que estas actividades son unha forma de colaborar coas familias e axudar dalgunha maneira á conciliación familiar á vez que os nenos realizan unha actividade deportiva. Desde o club sempre estamos abertos tamén ao desenvolvemento de charlas, conferencias e formacións que poidan ser interesantes para os

nosos xogadores e as súas familias.

Cales son os maiores logros do club?

É difícil dicir un logro ou dous. Un dos maiores éxitos do club é que durante estes cincuenta anos púidose manter unha canteira e unha idea de formación integral de xogadores e xogadoras. Ter como sinal de identidade adestrar, competir e o esforzo ademais de saber que se pode compaxinar perfectamente deporte e estudos que ao final é o máis importante.

Houbo bastantes éxitos ó longo da historia do club, por exemplo que o equipo sénior estivera durante doce anos na categoría EBA, un cuarto posto conseguido no campionato de España júnior disputado en Zaragoza no ano 2012 ou varios campionatos galegos dende a categoría mini ata júnior. Destacaría tamén que durante moitas tempadas consecutivas os equipos do club conseguiron clasificarse para numerosos campionatos de España alcanzando grandes resultados. No ano 2012 a Federación Española elaborou unha clasificación de canteiras atendendo ós resultados en Campionatos de España nos que o noso club aparecía na 10ª posición, primeiro club na ACB. Sendo un club de base tamén é un logro que xogadores que se formaron connosco fosen convocados tanto polas seleccións galegas como españolas nas súas categorías de formación chegando varios deles a xogar torneos internacionais. Así como aqueles que están actualmente en equipos de primeira división tanto masculina como pode ser os irmáns Quintela e Álex Reyes en ACB ou Adrián Chabela e Pablo Ferreiro en LEB Ouro; como feminina con Esther Castedo que vai xogar en Liga Feminina 1 co Ensino ou Zeltia Presas e Sara Corredoira que están en Liga Feminina 2. Pero non só xogadores senón tamén adestradores como Lisardo, Quique Fraga, Fernán ou Pablo Abuín. Son logros que o club ten aí e que quere dicir que se traballou ben nestes últimos anos.

Cal é o momento que lembra con máis agarimo dous seus anos como presidente?

É moi difícil, porque ao xogar os meus fillos aí non sei se é máis a nivel persoal ou como presidente. A nivel persoal que os meus fillos



Suso Lázare e distintos xogadores do club Estudiantes

participasen nun campionato de España sempre estará no meu recordo, o equipo onde xogaba o meu fillo Ignacio quedou ás portas dunha semifinal quedando eliminado nos últimos segundos cunha tripla do equipo de Zaragoza.

Como presidente ese cuarto posto conseguido polo equipo júnior no campionato de España en 2012 ou as clasificacións de equipos cadetes e júniors femininos para campionatos de España, co difícil que

é para un club que desde fóra percíbese como principalmente masculino, conseguir estes resultados. A título persoal gustaríame agradecer ás institucións que sempre nos están apoiando como a Deputación, o Concello e a Xunta e tamén ós nosos patrocinadores e colaboradores, especialmente ó grupo Leite Río tanto antes con Jesús como agora con Carmen Lence, que fan posible que podamos seguir traballando día a día.

Que comece xa

Por Adrián Fernández

Aínda que faltan dous ou tres xogadores para completalo equipo xa está todo listo para que comece a próxima tempada e a alta porcentaxe de renovacións de abonos nos primeiros días, demostra a ilusión e as ganas que todos temos de que iso sexa así.

O plantel vai collendo forma coa chegada de dous novos xogadores. O primeiro é Toni Nakic, un catro de 2,01 metros e 23 anos que procede da Cibona de Zagreb; internacional con Croacia nas categorías inferiores, destaca polo seu tiro de tres puntos e poder xogar tamén no posto de aleiro. O segundo é Ethan Happ, pivote estadounidense de 26 anos e 2,08 metros de altura procedente do Ludwigsburg alemán, co que chegou á final four da BCL o ano pasado. Happ, formado na universidade de Wisconsin coa que foi nomeado mellor pivote da liga, é un xogador

con capacidade anotadora é rebo-teadora que ven para ser unha das referencias do equipo é cumprila difícil tarefa de substituír a Mahalbasic. Semella tamén estar preto de firmar Víctor Arteaga para completalo xogo interior, pero todavía non hai nada cerrado.

Mentres traballan en rematalo plantel, xa se fixo oficial a data do comezo da pretempada; esta será o 12 de agosto e o primeiro encontro disputarase o 28 de agosto en Foz fronte ao Porto portugués, dous ou tres amigables máis por confirmar, a Copa Galicia, (que se xogará no Paco Paz de Ourense entre o 15 e o 17 de setembro, na que o Breogán medirase ao COB en semifinais) e a previa da Champions entre (entre o 21 e o 25 de setembro), será total de encontros de preparación que ten previsto a entidade lucense. Aínda esta por confirmar a sede desta previa, pero si sabemos que o Breogán

terá que gañar tres partidos para clasificarse, en cuartos enfrontarase ao FMP serbio, se gaña tocaralle contra o Opava checo e nunha hipotética final contra o Bakken Bears danés, se non hai algunha sorpresa.

Por último, comentar que xa comezou a campaña de aboados cunha pequena subida nos prezos pero que incluírían os encontros da champions de acadala praza, campaña que está a ter unha boa resposta por parte da afección na que neste ano como novidades temos a posibilidade de fraccionar o pago e a de facerse socio do Ensino por 20 euros máis. A campaña ten tres fases: a primeira do 13 de xullo ao 4 de setembro para renovación e novas altas máis localidades libres, a segunda do 6 ao 11 de setembro para facer modificacións nas localidades e a terceira a partir do 13 de setembro unha segunda oportunidade para novas altas nas localidades restantes.

Aberto o prazo de inscrición para o I Campus de fútbol do CD Corgo



Aberto xa o prazo de inscrición ata o día 9 de agosto para o primeiro campus de fútbol do CD Corgo que terá lugar entre os días 22 e 26 de agosto.

O campus pensado para nenos e nenas dende os 3 ata os 15 anos (nacemento 2018 ata 2007) terá un horario de 9:30 a 14:00 e será catro días no campo de fútbol municipal e un día nas piscinas municipais do Corgo.

O prezo para os xogadores preinscritos do CD Corgo será de 50 euros e 70 euros para os xogadores externos. Haberá un desconto de 10 euros ó segundo irmán e está incluída unha merenda a media mañá e equipación do campus.

Encontro de rugby para as escolas lucenses



As xogadoras da selección española de rugby, que se concentraron en Lugo co Muralla RC como anfitrión, tiveron un encontro coas escolas e equipos de base do rugby lucense. Rapaces e rapazas de Muralla RC, Capóns de Vilalba, Asterix de Viveiro e Fendetestas das Pontes seguiron o adestramento das leas, que se preparan en Lugo para unha xira en Sudáfrica, e puideron saudalas, conversar con elas e facer fotos. Este adestramento aberto encádrase no traballo de promoción do rugby que ven desenvolvendo o Muralla RC a través

da iniciativa Rugby no rural, que conta o apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, e que contribuíu a revitalizar a tradición do rugby en Viveiro da man de Asterix e fixo agromar o interese por este deporte en Vilalba, coa creación de Capóns.

A selección de España de rugby feminino, campioa de Europa en nove ocasións, ten nas súas filas á galega Mónica Castelo e a Judith Hernández, xogadora canaria que fixo parte da súas carreira no Muralla RC (2012-2018) e que compite agora co CRAT Coruña.

Campionato de fútbolín Maestros do Norte

Chega a Lugo a terceira edición do campionato nacional de fútbolín Maestro del Norte que se celebrará os días 13, 14 e 15 de agosto na Praza de Abastos con acceso gratuito o público. Organizado pola Asociación Lucense de Fútbolín este campionato busca reunir as mellores figuras do panorama nacional nunha cita única para a cidade lucense na que tamén colaboran o Concello de Lugo, Tsunami Fútbolín e Prelo XI.

A asociación presidida por Fernando Lamela, nace co fin de promover e dar visibilidade a este deporte que forma parte da nosa cultura e que une a nenos e maiores. Creada no 2018 por seis apaixonados e campións nacionais e internacionais, a asociación, busca seguir levando o torneo cara o mais alto do panorama nacional.



PROGRAMACIÓN. O sábado 13 en horario de 10.00 a 22.00 terá lugar a modalidade Parado. O domingo 14 en horario de 10:00 a 22:00 terá lugar a modalidade de Movemento. O luns 15 en horario de 10:00 a 15:00 torneo de selecciónns a cargo da Federación Española de Fútbolín.



Luis Castaño consegue dous bronces no torneo internacional de Grappling

Luis Castaño, líder de Alpha Wolf Pack, vén de acadar dúas novas medallas para o equipo de loita. Fixoo no torneo International Grappling Industries, celebrado en Madrid o pasado 2 de xullo.

Trátase dun prestixioso torneo internacional da promotora estadounidense co mesmo nome. A competición, na que Castaño conseguiu dous bronces, reuniu nas instalacións do colexio internacional Newman, a at-

letas de todo o globo.

Luis Castaño competiu na categoría Cinturón Negro, peso ata 145 lb, tanto con kimono como en Grappling (loita sen kimono). Despois de varios combates acadaba o bronce nas dúas seccións.

A vindeira competición para Alpha Wolf Pack será o Gran Premio de Galicia que terá lugar o 24 de setembro en Sada (A Coruña), ao que irán a lo menos, vinte atletas do equipo.

COLABORACIÓN

Setenta pesos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Traballar nos servizos sociais municipais leva consigo un contacto directo e continuado coa xente, producíndose unha inevitable proximidade, aínda mantendo as distancias e cinguíndose ao ámbito profesional. No caso de Galicia, e máis concretamente nas zonas rurais, son maioritariamente as persoas de idade as usuarias da orientación e asesoramento, así como dos diversos programas que se podan ofrecer desde os concellos. A consecuencia delo —unha de

moitas-, é que existe a oportunidade de coñecer historias de vida, algunhas curiosas, outras sorprendentes, pero todas elas dignas de ser escoitadas e analizadas.

Aqueles homes e mulleres que naceron nos anos trinta tocoulles vivir de meniños unha cruenta e despiadada guerra civil, así como un período que chegaría despois e duraría un tempo considerable onde a escaseza era a tónica habitual. Non é casual as masivas emigracións do campo galego cara destinos lonxe de aquí na procura dun mellor futuro.

Esa precariedade económica das familias, caracterizadas estas por unha numerosa prole, a diferenza de hoxe en día, levaba a que xa de moi noviños houbese que porse a

traballar.

E exemplo disto témolo en Xosé, un friolés nado en 1936, xusto cando deu comezo a Guerra. Con trece anos xa foi a Castela ás segas, concretamente a fincas ubicadas na localidade de Brunete, en Madrid. Como aínda era un neno, a súa función consistía en atar o que os maiores segaban a man coa fouce, facendo os mollos que logo se apilaban en forma de palleiros. Non disimulaba a súa emoción cando o contaba. Xosé botaba cincuenta días baixo o sol abrasador daquelas terras coas súas cincuenta noites, lonxe dos seus. Con orgullo e satisfacción, afirmaba que con apenas dezasete anos, cando volveu da campaña en Castela, púxose a segar en

Friol, deixando abraidos a todos, porque ninguén era quen de seguirle o ritmo. O pequeno convertérase nun home e xa non se limitaba a atar e facer os mollos, senón que segaba como calquera outro adulto ou incluso mellor. As expedicións a Castela xa as mencionaba Rosalía De Castro nos seus famosos Cantes Gallegos hai cento cincuenta anos. Imposible non recoñecer o poema “Castellanos de Castilla, tratade ben os galegos, cando van, van como rosas, cando ven, ven coma negros”. O propio Xosé, testemuña e protagonista, aseveraba que resultaba moi dura a experiencia, pero a cambio, el voltaba para a casa con setenta pesos, e no lote tamen viña unha boa capa de piollos. En

cartos supoñía 350 pesetas, entón a dous euros e dez céntimos, que pode semellar unha miseria, pero como Xosé afirmaba, a súa familia podía destinar trinta pesos a un ferrado de trigo, que se sementaría despois para ser colleitado e así ter pan durante todo o ano.

Estas vivencias non poden quedar no esquecemento. Aínda que parece que pertencen a tempos moi lonxanos, en realidade non o son tanto, porque entre nos outros temos homes, de idade avanzada, si, que o poden contar en primeira persoa, formando parte da Historia con maiúsculas do noso País. Setenta pesos en cincuenta días e unha capa de piollos. Non hai máis que engadir.

E nisto chegou Prisciliano

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

En 2013 os Amigos de Prisciliano, comandados por Ramón Chao, instalamos en Compostela unha escultura en homenaxe a este bispo alternativo que, xunto a outros compañeiros, foi o primeiro sentenciado a morte por herexía e executado polo goberno secular, en nome da Igrexa católica. A nosa idea inicial era que fose unha figura itinerante para transportar nun santoral de madeira, como facían antes coas imaxes relixiosas polas casas. Non puido ser, porque a obra saíu máis grande do previsto, concibida en terracota por inspiración do artista mallorquín Eduardo Servera. Por ese motivo tiveron que recibila en Galicia nunha especie de cadaleito —especialmente preparado para o seu transporte dende as Illas Balears- e cando o abrín e conseguín desempaquetalalo, atopei un sobre vermello que contiña un papel no seu interior coa seguinte misiva: “Ola, son Prisciliano. Veño para quedarme. Alégrame de saudarte”. Cousas de Ramón. Apresureime para organizalo todo. Decidimos colocalo no escaparate de Altira, espazo de arte promovido por Xurxo Martiño, mesmo na entrada de Composte-

la, para reivindicar a influencia de Prisciliano na cultura galega. Un ano despois trasladámolo ao barrio de San Lázaro, onde se atopa na actualidade, tras o acordo alcanzado con Xosé Mata Buela, con quen organizamos unha presentación oficial de Amigos de Prisciliano no marco das “Noites Xoves”. Considerado un símbolo da intolerancia política e relixiosa, Prisciliano fundou unha escola ascética, rigorista, de talante libertario, precursora do movemento monacal e oposta á crecente opulencia da xerarquía eclesíastica imperante no século IV. Os aspectos máis polémicos, en cuestións formais, eran o nomeamento de «mestres» ou «doutores» laicos, a presenza de mulleres nas xuntanzas de lectura e o seu marcado carácter austero.

A acto fundacional de Amigos de Prisciliano tivo lugar hai dez anos en Ourense, na sede que instalamos no barrio da Ponte grazas á colaboración desinteresada de Pepe Saburido, recoñecido activista cultural na cidade das Burgas. Ademais de Ramón Chao e de quen escribe este conto, a iniciativa foi promovida polo actor e guionista francés Jean-Claude Carrière (quen asumiu a “presidencia herética”), Ignacio Ramonet (presidente de honra), Gabriel Núñez Chao (secretario), Xosé Manuel Ledo Casebio (responsable de acción propagandística) e unha morea de



homes e mulleres que recrutamos durante anos polo mundo adiante, como os poetas Miguel Barreira, Pilar Maseda e Iría Fernández Crespo, o escritor Kirmen Uribe ou o antropólogo Tadashi Yamamoto, entre outros. Asemade, conta cun amplo respaldo no eido da cultura, da música e das letras galegas. A figura histórica de Prisciliano foi o punto de encontro dos irmáns Xosé e Ramón Chao Rego, tras un longo distanciamento que se pechou nos anos oitenta, cando comezan a estudar ao herexe, rematando coa edición dos seus respectivos libros en marzo de 1999. Xosé publica Prisciliano, profeta contra o poder (Vigo, Promocións Culturais Galegas) e Ramón fai o mesmo con Prisciliano de Compostela (Barcelona, Seix Barral), editado posteriormente en galego co título O camiño de Prisciliano (A Coruña, Espiral Maior).

Xosé aborda a figura de Prisciliano dende unha perspectiva histórica e teolóxica. Na súa madurez intelectual, toma conciencia coa loita obreira en Ferrolterra, o que lle permite achegarse aos símbolos da identidade galega. Xosé é o verdadeiro impulsor da figura de Prisciliano en Galicia, creando escola cos seus amigos Bernardo García Cendán (ponte con Ramón en París e un dos fundadores do Instituto de Estudos Chairegos en Vilalba) e Alfonso Blanco Torrado (fundador da Asociación Cultural Xermolos en Guitiriz). Xosé foi nomeado Fillo Adoptivo de Compostela en 2004. Pola súa banda, Ramón reivindica a Prisciliano dende o eido cultural, a través dunha peculiar peregrinación en motocicleta dende París a Compostela, para coñecer a verdadeira historia da vida, da traxectoria e da morte do herexe. Durante esa viaxe coñece

a diversas persoas que, cos seus relatos, van marcando a seguinte etapa do camiño. En realidade, trátase de dúas liñas paralelas: a da vida de Prisciliano e a da traxectoria persoal do autor. Hai un momento de inflexión: cando o seu fillo Manu recupera o instinto ao chegar a Compostela e alí crea o proxecto A Feira das Mentiras, como confesará anos despois nunha entrevista: “Cheguei a Galicia e o país enteiro curoume”. Ramón asume a súa condición de Fillo Pródigo de Vilalba en 2011, durante unha visita á terra natal en compañía de Ignacio Ramonet. Tiven o privilexio de fundar con Ramón o proxecto Amigos de Prisciliano, concibido como unha rede ácrata, multicultural e altermundista coa figura do herexe como personaxe central. Esta reivindicación facilitou o seu reencontro con Galicia e tamén permitiu pechar un círculo vital con Vilalba, onde regresou puntualmente cada ano dende 2010, nun proceso persoal de reconciliación co seu pasado e nun percorrido pola súa traxectoria como músico convertido en xornalista. De feito, a capital da Terra Chá está presente en toda a súa obra. Ao remate das súas vidas, Xosé e Ramón atopáronse outra vez no Paseo dos Soños de Vilalba, con cadansúa escultura no Hectómetro Literario: o profeta contra o poder e o Piano Prisciliano. Ficarán sempre connosco.

Conversa co traballador social de Alucem

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Alejandro Rodríguez Robledillo, nacido en Xixón, residente en Lugo dende 2005. Escritor e editor, a súa formación específica é a de traballador social experto en menores, pero actualmente exerce na asociación lucense de Esclerose Múltiple, Alucem, e desde fai pouco, ocupa o cargo de Representante en Galicia da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais.

Segundo o índice DEC 2021 da asociación de Directores e Xerentes, na actualidade existe un maior investimento no eido social, aínda que non se reflicte no benestar das persoas. Ademais, hai unha tendencia á privatización dos servizos sociais, nos que prima a xestión económica. Neste contexto, cal debería ser na túa opinión, o papel dos traballadores sociais: meros xestores de recursos ou exercer a profesión

buscando, sobre todo, o benestar dos usuarios.

Creo que hai un Traballo Social moi administrativo, moi burocratizado e penso que debería ser así para garantir que cheguen os recursos, para xestionalos de maneira axeitada. E ao seu carón, hai outro menos burocratizado, por exemplo o que se exerce no Terceiro Sector.

Así é o teu traballo social en Alucem?

Exacto. Trátase dunha entidade menos burocratizada. O nivel de mando é máis básico que nunha administración pública, hai unha directiva e nós somos os técnicos e, á hora de poñer en marcha proxectos, o mecanismo é moito máis áxil e, mesmo, moi reconfortante. Pero de acordo cun informe do Colexio Oficial de Galicia, os traballadores sociais das entidades sen ánimo de lucro, estamos moi contentos coa nosa actividade laboral, satisfeitos co noso exercicio profesional, e pola contra, moi descontentos coas nosas condicións salariais xa que á maioría nin sequera cobramos o SMI. Todo ten as súas vantaxes e



desvantaxes.

Consideras, coma min, que os traballadores dunha entidade debería ofrecer un plus? É dicir, non limitarte a cumprir o teu labor nun horario de oito a tres, senón que quizáis teñas que asistir a unha actividade un sábado ou festivo.

Si, e desfrutade coma se dunha familia se tratara, diferente á nosa, e que esta actividade formara parte do noso lecer. A percepción desta carga de traballo é moi diferente. Hai que equiparar ás condicións laborais destes profesionais ás dos que traballan na Administración.

No pasado, moitas das actividades destas entidades puideron facerse porque había voluntarios. Actualmente, non hai persoas voluntarias que lleven a cabo unha acción constante e que perdure no tempo.

Se a isto lle sumamos unha escasez en xeral de persoal, o funcionamento das mesmas non será moi doado.

Moitas veces escoitei certa crítica a estas entidades de que suplián o labor das administracións públicas.

Xa, mais este labor supón un gran rédito político ás administracións. Unha foto informando da financiación dun servizo nos medios de comunicación visibiliza moitísimo. O que está claro é que o primeiro que vai facer unha entidade social é dar resposta ás necesidades dos seus usuarios. E unha vez acabado ese obxectivo, o que é ético e moral é reivindicar a prestación pública do mesmo. Mais está situación é moi "golosa" para os técnicos e directivos destas entidades, xa que se forma toda unha estrutura organizativa que, dependendo da súa magnitude, se ten que

retroalimentar con subvencións, con recursos públicos. Sen embargo, cada hai menos recursos e a xestión asistencial non se está adaptando á inmersión da pirámide poboacional. Co rápido envellecemento da poboación, atopáremos unha crise demográfica moi grave. Ante un aumento da demanda, das necesidades, corresponderíalle un incremento dos recursos. Non obstante, desde unha perspectiva de mercado, non interesa ese incremento xa que se reducirían os custos. Vémolos, por exemplo, na ratio de prazas residenciais para maiores en Galicia, que está moi por debaixo do que aconsella a OMS, de aí os seus prezos, toda unha tolemia.

E coma se poden financiar estas prazas residenciais, se a pensión media en Galicia está entre setecentos e oitocentos, e o custo dunha praza é de mil oitocentos euros mensuais?

Pois cos aforros da familia, co piso... unha situación que nun futuro non moi afastado será inviable, derivando nunha maior carga de traballo nas familias, sobre todo nas mulleres.

Aprobados de despacho

O PUPITRE



Julio Díaz

Cada alumno aprobado nun despacho sen merecelo supón un docente desautorizado, un Departamento menosprezado e un Claustro desprestixiado.

Por desgraza e cada vez con máis frecuencia, esta forma de desautorizar a un profesor, a un Departamento e a todo o Claustro de profesores desde un despacho non son casos que ocorran illadamente senón unha tendencia iniciada hai varios anos e que non deixou de potenciarse e estenderse grazas ao boca a boca de determinados proxenitores que alardean da "fazaña".

A marabunta normativa e máis aínda a falta de claridade e concreción da mesma respecto á avaliación do rendemento académico serven para que a Administración Educativa mellore nun despacho as notas asignadas polos docentes aos seus alumnos. Non importa o que o raparigo escriba no exame, agárranse ao

que sexa: falta de criterios claros e concisos, mala ponderación, escasa ou falta de publicidade do proceso, descoñecemento do alumnado ignorando a nosa Admón. que a ningún de nós nos agrada suspender aos nosos alumnos, xa que no fondo non deixa de ser un fracaso no noso traballo, pero de todos é coñecido que temos alumnos nas nosas aulas que non saben facer un O cun canoto e non está nada ben que os nosos superiores sen ter en conta as probas realizadas polo alumno, nin o seu traballo ao longo do curso, busque defectos burocráticos para xustificar unha corrección das súas cualificacións. Non debería ser unha cuestión de papeis, debe cingirse a se o alumno sabe ou non sabe.

Se un alumno presenta unha reclamación da súa nota o departamento desa materia debe reunirse e analizar o traballo realizado por el decidindo se a cualificación outorgada debe ou non modificarse, sendo o normal que a nota se manteña, xa que o 95% das protestas carecen de fundamento e a maioría delas son unha falta grave á dignidade

dun profesional; a algún proxenitor teríasele que caer a cara de vergoña por promover determinadas reclamacións.

Ocorre nos últimos tempos que moitos pais profesionalizáronse, coma se de empresas de reclamación de multas se tratase, en solicitar a revisión das cualificacións dos seus vástagos, escudriñando as normas ao límite legal, sen darse conta que a nota que a Administración regala ao seu fillo é un dardo envelenado que inculca unha mala lección con consecuencias negativas para o seu futuro académico, profesional e persoal. Este alumno despois de gañar a batalla dáse conta que hai maneiras de prosperar con atallos e trucos que non lle esixen esforzo nin tesón, mentres que os seus compañeiros para conseguir o mesmo tiran de traballo, constancia e tenacidade. Debemos non só os docentes, senón toda a sociedade esixir á Administración Educativa respecto polo noso traballo e debemos trasladarlles que o profesorado entre tarefas administrativas, xestións e reunións vémonos obrigados, a maioría das veces,

O RECUNCHO DE CANELINA



a dedicar máis tempo ao estudo de normas absurdas e arbitrarias que a preparar as nosas clases. Os docentes só pedimos iso, poder impartir clases sen interferencias nin presións no noso traballo.

Finalizar pedindo á Administración Educativa que se deben valorar as reclamacións dos no-

sos alumnos, máis que deles dos seus papás, con criterios académicos e non formais. Que antes de aceptar unha reclamación débese demostrar que se superaron os obxectivos da materia e non centrarse en se faltaba a publicidade dun "criterio", un selo ou un formulario estaba incompleto.

DE RUTA EN RUTA

Cervantes: Ruta do Castro

A importancia do xacemento reside na información que achega a transición da cultura castrexa cara a romana

Se algo destaca no Concello de Cervantes é o patrimonio natural que serve de contorno aos núcleos de poboación. Non é difícil atopar camiños polos que percorrer estas terras e gozar da natureza os 365 días do ano.

E non so desfrutar de mestos bosques e montañas empedradas senón que tamén é posible gozar da fauna da zona, con gando vacún e animais salvaxes como porcos bravos ou corzo. Incluso, se o visitante ten sorte, poderá ver un dos 180 exemplares de oso pardo que viven, segundo estimacións, na zona norte do Estado.

O roteiro proposto arranca nun parque infantil, no lugar de San Román de Cervantes, ata onde se pode levar o coche. Atravesando a praza que rodea a Casa Consistorial atópase o camiño que te leva ata o Complexo Etnográfico dos Ancares que amosa a reconstrución dunha das típicas pallozas da zona.

Ao saír, un camiño de carballos e castiñeiros conducen ao cami-

ñante ao río Castro, que haberá que cruzar pola ponte e, ascendendo montaña arriba chegarase ata o Castro de Santa María de Cervantes, o primeiro punto clave desta andaina.

O Castro, datado sobre o século II d.C., Idade do Ferro, é un conxunto integrado polo poboado castrexo prerromano e por restos de varias explotacións auríferas, ademais dunha necrópole baixomedieval e unha igrexa, estas últimas construídas sobre o recinto do castro. Foi estudado durante os anos 1995 e 1996 aínda que boa parte da súa superficie permanece soterrada sen escavar. Durante as escavacións atopáronse 23 construcións de uso doméstico ademais de zonas de paso, canles, escaleiras e sistemas de drenaxe. Añgunhas das vivendas tiñan o interior enlucido e pequenas alacenas de pedra. Unha singularidade deste xace-

mento é a construción sobre as ruínas castrexas da necrópole dos s.XIII e XIV formada por 56 sepulturas.

Xusto na zona pódese observar tamén un castrillón, unha pequena elevación utilizada, probablemente, como zona de vixilancia no seu momento.

De aquí, o camiñante deberá descender hacia o río de Castelo onde a natureza mantén oculto o antigo muíño e unha pasarela de madeira que permite cruzar ao outro lado do río para subir por un camiño que leva ao lugar de Castelo de Cais.

Antes de chegar a esta aldea, un desvío á dereita descende ata o Rego de Vilarantigo, punto onde comezará, a última subida que chega, novamente, a San Román. Un roteiro sinxelo que recomendan, incluso, para nenos e que se volve especialmente máxico nos meses de outono, co cambio de cores da vexetación.



DATOS



4 horas



8,2 km.



Dificultade
fácil

Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas



**CURSOS
GRATUITOS
CAP CONTINUA**

AVECUS
Río Narla, 48-50 Lugo
Telf. 982 817 561 info@avecus.es
www.avecus.es